PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 71
22 de febreiro de 2017

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

4894 (10/PNP-000416)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para eliminar a presenza de calquera material que conteña amianto nas instalacións dos centros educativos de Galicia 15807

4912 (10/PNP-000417)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico 15810

4917 (10/PNP-000418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o asinamento dun convenio pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con Gas Natural Fenosa e o Concello de Pontevedra para o financiamento das obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes de soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro 15813

4923 (10/PNP-000419)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do diálogo cos representantes legais dos empregados públicos para acordar as medidas necesarias para mellorar a calidade do emprego público 15817

5002 (10/PNP-000420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 % 15821

5021 (10/PNP-000421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da redución ao 4 % do IVE dos produtos sen glute e, se é o caso, o estudo da posibilidade de implementar as medidas necesarias para compensar a súa negativa ao respecto 15825

5062 (10/PNP-000422)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 1049/2003, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel, co fin de permitirlles aos apicultores galegos a diferenciación das súas producións fronte ás doutros países, así como aos consumidores a orixe clara dos meles 15827

5065 (10/PNP-000423)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño 15833

5090 (10/PNP-000424)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as persoas galegas, cando se despracen fóra de Galicia, poidan dispoñer e acceder aos medicamentos e produtos sanitarios prescritos no lugar onde se atopen 15836

5105 – 5164 (10/PNP-000425)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte 15838

5109 (10/PNP-000426)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas «de medidas» ou «de acompañamento», relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma 15842

5116 (10/PNP-000427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o remate e a aprobación pola Xunta de Galicia do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, incluíndo na súa memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario denominado Financiamento da Rede Natura 2000 15845

5123 (10/PNP-000428)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar 15847

5125 (10/PNP-000429)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca 15851

5133 (10/PNP-000430)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa aplicación e o desenvolvemento da Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural 15856

5137 (10/PNP-000431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial existente e a igualdade efectiva no traballo entre mulleres e homes 15862

5148 (10/PNP-000432)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro 15869

5155 (10/PNP-000433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con todos os proxectos referidos ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, así como aos parques nacionais das Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra 15872

5161 (10/PNP-000434)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico 15875

5171 (10/PNP-000435)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón
Sobre a restauración e mantemento pola Xunta de Galicia do pazo de Lourizán, en Pontevedra, garantindo o seu uso exclusivamente público, en cumprimento do contrato de cesión asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra 15878

5175 (10/PNP-000436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego das obras da variante de Aradas no ano 2017, para o seu remate no ano 2019 15880

5214 (10/PNP-000437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha dos mecanismos administrativos e financeiros necesarios para a licitación, no prazo dun ano, do proxecto e obra da conexión en alta velocidade ferroviaria Vigo-Ourense por Cerdedo e a súa posta en funcionamento en 2023 15883

5228 (10/PNP-000438)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre a actualización e mellora pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades, do mapa de titulacións universitarias para favorecer a competitividade e a empregabilidade dos egresados universitarios en Galicia 15886

5234 (10/PNP-000439)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia 15888

5245 (10/PNP-000440)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes 15891

5266 (10/PNP-000441)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da execución da mellora do servizo e das conexións de autobús desde o barrio de Teis cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro 15896

5272 (10/PNP-000442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Área Metropolitana de Vigo 15898

5275 (10/PNP-000443)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación do contrato para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia 15901

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

4921 (10/IIGA-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e información sobre os avais vixentes a 31 de decembro de 2016, concedidos polo IGAPE 15905

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

5124 (10/CPP-000016)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición do G. P. de En Marea e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para que informe das medidas que se están a levar a cabo en relación coa praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) 15913

1.4.3. Interpelacións

4890 (10/INT-000186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política tributaria do Goberno galego en relación coa auga 15915

4992 (10/INT-000187)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores en centros residenciais 15918

4996 (10/INT-000188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores en centros de día 15921

5005 (10/INT-000189)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación das familias monoparentais 15923

5023 (10/INT-000190)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación co IVE dos produtos sen glute 15926

5029 (10/INT-000191)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa mocidade galega residente no exterior e o retorno da poboación emigrada de Galicia 15928

5106 (10/INT-000192)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a xestión da saúde mental 15931

5107 (10/INT-000193)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a necesidade de regular o ámbito material das leis chamadas «de medidas» ou «de acompañamento», relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma 15933

5112 (10/INT-000194)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas recomendacións europeas referidas aos impostos medioambientais e a formulación da Estratexia galega contra o cambio climático 15936

5118 (10/INT-000195)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión da Rede Natura 2000 15938

5139 (10/INT-000196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes 15940

5143 (10/INT-000197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión da recollida de residuos 15945

5157 (10/INT-000198)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión dos parques nacionais e naturais de Galicia compatible o turismo sostible 15948

5210 (10/INT-000199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a limpeza de tramos fluviais de Galicia 15950

5219 (10/INT-000200)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de igualdade e conciliación entre a vida laboral e familiar 15952

5244 (10/INT-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade entre mulleres e homes 15956

5274 (10/INT-000202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a xestión do servizo de limpeza da Xunta de Galicia 15961

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, 20 de febreiro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2017) 47 final] [COM(2017) 47 final Anexo] [2017/0015 (COD)] {SWD(2017) 26 final} {SWD(2017) 27 final}

-10/UECS-000053 (5395)
Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2017) 47 final] [COM(2017) 47 final Anexo] [2017/0015 (COD)] {SWD(2017) 26 final} {SWD(2017) 27 final} 15965

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 61, fascículos 1 e 2, do 7 de febreiro de 2017, da Lei de orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 15804

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017, da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación 15805

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 4894 (10/PNP-000416)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para eliminar a presenza de calquera material que conteña amianto nas instalacións dos centros educativos de Galicia

- 4912 (10/PNP-000417)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico

- 4917 (10/PNP-000418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o asinamento dun convenio pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con Gas Natural Fenosa e o Concello de Pontevedra para o financiamento das obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes de soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro

- 4923 (10/PNP-000419)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do diálogo cos representantes legais dos empregados públicos para acordar as medidas necesarias para mellorar a calidade do emprego público

- 5002 (10/PNP-000420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %

- 5021 (10/PNP-000421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da redución ao 4 % do IVE dos produtos sen glute e, se é o caso, o estudo da posibilidade de implementar as medidas necesarias para compensar a súa negativa ao respecto

- 5062 (10/PNP-000422)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 1049/2003, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel, co fin de permitirlles aos apicultores galegos a diferenciación das súas producións fronte ás doutros países, así como aos consumidores a orixe clara dos meles

- 5065 (10/PNP-000423)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño

- 5090 (10/PNP-000424)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as persoas galegas, cando se despracen fóra de Galicia, poidan dispoñer e acceder aos medicamentos e produtos sanitarios prescritos no lugar onde se atopen

- 5105 – 5164 (10/PNP-000425)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte

A Mesa admítea coa complementación de sinaturas contidas no doc. núm. 5164.

- 5109 (10/PNP-000426)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas «de medidas» ou «de acompañamento», relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

- 5116 (10/PNP-000427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o remate e a aprobación pola Xunta de Galicia do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, incluíndo na súa memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario denominado Financiamento da Rede Natura 2000

- 5123 (10/PNP-000428)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar

- 5125 (10/PNP-000429)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

- 5133 (10/PNP-000430)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa aplicación e o desenvolvemento da Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural

- 5137 (10/PNP-000431)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial existente e a igualdade efectiva no traballo entre mulleres e homes

- 5148 (10/PNP-000432)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro

- 5155 (10/PNP-000433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con todos os proxectos referidos ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, así como aos parques nacionais das Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra

- 5161 (10/PNP-000434)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico

- 5171 (10/PNP-000435)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón
Sobre a restauración e mantemento pola Xunta de Galicia do pazo de Lourizán, en Pontevedra, garantindo o seu uso exclusivamente público, en cumprimento do contrato de cesión asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra

- 5175 (10/PNP-000436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego das obras da variante de Aradas no ano 2017, para o seu remate no ano 2019

- 5214 (10/PNP-000437)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha dos mecanismos administrativos e financeiros necesarios para a licitación, no prazo dun ano, do proxecto e obra da conexión en alta velocidade ferroviaria Vigo-Ourense por Cerdedo e a súa posta en funcionamento en 2023

- 5228 (10/PNP-000438)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre a actualización e mellora pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades, do mapa de titulacións universitarias para favorecer a competitividade e a empregabilidade dos egresados universitarios en Galicia

- 5234 (10/PNP-000439)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia

- 5245 (10/PNP-000440)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

- 5266 (10/PNP-000441)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da execución da mellora do servizo e das conexións de autobús desde o barrio de Teis cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro

- 5272 (10/PNP-000442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Área Metropolitana de Vigo

- 5275 (10/PNP-000443)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación do contrato para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Admisión a trámite e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 4921 (10/IIGA-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e información sobre os avais vixentes a 31 de decembro de 2016, concedidos polo IGAPE

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 5124 (10/CPP-000016)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición do G. P. de En Marea e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para que informe das medidas que se están a levar a cabo en relación coa praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 4890 (10/INT-000186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política tributaria do Goberno galego en relación coa auga

- 4992 (10/INT-000187)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores en centros residenciais

- 4996 (10/INT-000188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas maiores en centros de día

- 5005 (10/INT-000189)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación das familias monoparentais

- 5023 (10/INT-000190)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación co IVE dos produtos sen glute

- 5029 (10/INT-000191)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa mocidade galega residente no exterior e o retorno da poboación emigrada de Galicia

- 5106 (10/INT-000192)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a xestión da saúde mental

- 5107 (10/INT-000193)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a necesidade de regular o ámbito material das leis chamadas «de medidas» ou «de acompañamento», relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

- 5112 (10/INT-000194)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas recomendacións europeas referidas aos impostos medioambientais e a formulación da Estratexia galega contra o cambio climático

- 5118 (10/INT-000195)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión da Rede Natura 2000

- 5139 (10/INT-000196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes

- 5143 (10/INT-000197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión da recollida de residuos

- 5157 (10/INT-000198)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a xestión dos parques nacionais e naturais de Galicia compatible o turismo sostible

- 5210 (10/INT-000199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a limpeza de tramos fluviais de Galicia

- 5219 (10/INT-000200)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de igualdade e conciliación entre a vida laboral e familiar

- 5244 (10/INT-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade entre mulleres e homes

- 5274 (10/INT-000202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a xestión do servizo de limpeza da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, 20 de febreiro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2017) 47 final] [COM(2017) 47 final Anexo] [2017/0015 (COD)] {SWD(2017) 26 final} {SWD(2017) 27 final}

-10/UECS-000053 (5395)
Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2017) 47 final] [COM(2017) 47 final Anexo] [2017/0015 (COD)] {SWD(2017) 26 final} {SWD(2017) 27 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 5395, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2017) 47 final] [COM(2017) 47 final Anexo] [2017/0015 (COD)] {SWD(2017) 26 final} {SWD(2017) 27 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 61, fascículos 1 e 2, do 7 de febreiro de 2017, da Lei de orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

Advertidos erros materiais na publicación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (BOPG 61, fascículos 1 e 2, do 7 de febreiro de 2017), procédese á súa corrección nos seguintes termos,

Versión en lingua galega

Na páxina 12530, no artigo 9, alínea Un, onde di: «Sen prexuízo do indicado na alínea o) do artigo 5...» debe dicir: «Sen prexuízo do indicado na alínea ñ) do artigo 5...».

Na páxina 12576, dentro do anexo IV, onde di:

«...Integración social (Plan vello).
Realización e plans de obra...»

Debe dicir:

«...Integración social (Plan vello).
Radioterapia
Realización e plans de obra...»

Versión en lingua castelá

Na páxina 12853, no artigo 9, alínea Un, onde di: «Sin perjuicio de lo indicado en el apartado p) del artículo 5...» debe dicir: «Sin perjuicio de lo indicado en el apartado ñ) del artículo 5...».

Na páxina 12901, dentro do anexo IV, onde di:

«...Integración social (Plan antiguo).
Realización y planes de obra...»

Debe dicir:

«...Integración social (Plan antiguo).
Radioterapia
Realización y planes de obra...»

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017, da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

Advertidos erros materiais na publicación da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (BOPG núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Versión en lingua galega

Na exposición de motivos, páxina 13160, noveno parágrafo, onde di: «...familias numerosas e discapacitados.», debe dicir: «...familias numerosas e persoas con discapacidade.»

Na páxina 13168, no artigo 1 Dous, onde di: «Sete. Dedución por adquisición de vivenda habitual por discapacitados,...», debe dicir: «Sete. Dedución por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade,...».

Na mesma páxina 13168, no artigo 1 Tres, onde di: «Oito. Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por discapacitados,...», debe dicir: «Oito. Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento por persoas con discapacidade,...».

Na páxina 13198, na alínea Un do artigo 10, na cabeceira da táboa, onde di: «Grupo», debe dicir: «Subgrupo».

Na páxina 13199, na alínea Dous do artigo 10, na cabeceira da táboa, onde di: «Subgrupo», debe dicir: «Grupo».

Na páxina 13226, décimo parágrafo, onde di: « Artigo 35. *Achega de fondos privados ao desenvolvemento de proxectos de I+D no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia*», debe dicir: «Artigo 35. *Achega de fondos privados ao desenvolvemento de proxectos de I+D no ámbito do Sistema público de Galicia*».

Na mesma páxina 13226, décimo primeiro parágrafo, onde di: «...polo Sistema público de saúde de Galicia,...», debe dicir: «...polo Sistema público de Galicia,...».

Versión en lingua castelá

Na exposición de motivos, páxina 13257, cuarto parágrafo, onde di: «...familias numerosas y discapacitados.», debe dicir: «...familias numerosas y personas con discapacidad.»

Na páxina 13265, no artigo 1 Dos, onde di: «Siete. Deducción por adquisición de vivienda habitual por discapacitados,...», debe dicir: «Siete. Deducción por adquisición de vivienda habitual por personas con discapacidad,...».

Na mesma páxina 13265, no artigo 1 Tres, onde di: «Ocho. Deducción por adquisición de vivienda habitual y por constitución de préstamos hipotecarios destinados a su financiación, por discapacitados,...», debe dicir: «Ocho. Deducción por adquisición de vivienda habitual y por constitución de préstamos hipotecarios destinados a su financiación, por personas con discapacidad,...».

Na páxina 13296, na alínea Uno do artigo 10, na cabeceira da táboa, onde di: «Grupo», debe dicir: «Subgrupo».

Na páxina 13297, na alínea Dos do artigo 10, na cabeceira da táboa, onde di: «Subgrupo», debe dicir: «Grupo».

Na páxina 13325, terceiro parágrafo, onde di: « Artículo 35. *Aportación de fondos privados al desarrollo de proyectos de I+D en el ámbito del Sistema público de salud de Galicia*», debe dicir: «Artículo 35. *Aportación de fondos privados al desarrollo de proyectos de I+D en el ámbito del Sistema público de Galicia*».

Na mesma páxina 13325, cuarto parágrafo, onde di: «...por el Sistema público de salud de Galicia,...», debe dicir: «...por el Sistema público de Galicia,...».

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4894
Data envio: 10/02/2017 14:28:49.211

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Segundo a Organización Mundial da Saúde, uns 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse expostas ao amianto no seu lugar de traballo, ademais das expostas en razón da veciñanza e doméstica. A mesma fonte indica que cada ano morren no mundo máis de 100.000 persoas por patoloxías derivadas da dita exposición. O dano causado polo amianto é tan inmenso e inhumano para milleiros de persoas que nada pode reparar a agresión xerada; terribles efectos patolóxicos físicos e un dano moral que precisan ser reparados, un sufrimento psicolóxico terrible provocado por unha enfermidade con síntomas previsibles pero invisibles ata o irremediable.

É un feito que este material foi utilizado para a construción de edificios públicos dedicados a todo tipo de actividades, non sendo a educación unha excepción. Por tal motivo, varias son as normas que prohiben o seu uso; así, o Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, ou a Resolución do Parlamento Europeo, do 14 de marzo de 2013, na que se pide expresamente que os Estados membros avancen no proceso de eliminación gradual do amianto no menor prazo posible.

Recentemente, a Valedora do Pobo (en comunicación remitida a CONFAPA GALICIA por unha queixa presentada por esta asociación) indica a elevadísima presenza deste material nas vulgarmente coñecidas como uralitas dos centros escolares galegos (das 4 provincias) e que a situación resulta aínda máis complexa debido á antigüidade de moitas

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4894
Data envio: 10/02/2017 14:28:49.211

destas infraestruturas e ás nosas condicións climatolóxicas. Pero non só hai amianto nos tellados, tamén nas pranchas dos falsos teitos, nas caixas das persianas e incluso nas paredes dos centros escolares, usado como illante.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe que permita determinar a existencia de amianto en todos os centros escolares galegos.
2. Elaborar un plan de desamiantado dos centros escolares de Galicia.
3. Eliminar de forma rápida, segura e definitiva e durante os períodos non lectivos prolongados calquera material que conteña amianto dos centros educativos de Galicia que aínda o teñan presente en calquera das súas construcións.
4. Elaborar normativa específica que facilite instrucións aos responsables de tomar decisións, modificando as previsións da guía técnica para as instalacións nas que haxa menores de idade, co obxectivo esencial da protección da súa saúde e seguridade.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4894
Data envio: 10/02/2017 14:28:49.211

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/02/2017 14:26:19

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/02/2017 14:26:24

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2017 14:26:31

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/02/2017 14:26:37

Noela Blanco Rodríguez na data 10/02/2017 14:26:45

Raúl Fernández Fernández na data 10/02/2017 14:26:50

María Luisa Pierres López na data 10/02/2017 14:26:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/02/2017 14:28:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 4912
Data envio: 13/02/2017 11:12:17.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O pasado 10 de febreiro coñeciamos a través dun comunicado público a renuncia á dirección das Galas do Defunto de Tito Asorey. Xunto a el, renunciaban tamén Vanesa Sotelo, actriz, dramaturga e directora da revista Galega de Teatro e Manuela Domínguez, secretaria do tribunal encargado do proceso de selección das actrices e actores que terán que interpretar Martes de Carnaval. En total 3 das 6 persoas que compuñan o órgano.

Entre as razóns da súa renuncia sitúase, aseguraron, o desacordo co sistema de selección do elenco pois din que dificulta enormemente o proceso artístico. Unha decisión que foi apoiada pola Asociación de Actrices e Actores ao considerar que non é a formula elixida a máis acaída para unha institución coma o CDG, xa que pasa por alto as particularidades laborais e artísticas dos actores e actrices e directores e directoras.

Desde a Asociación urxen explicacións “públicas, oportunas e suficientes” ao goberno galego ao tempo que reclaman un proceso de diálogo entre a administración e o sector co obxectivo de procurar unha outra fórmula que satisfaga todas as partes.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 4912
Data envio: 13/02/2017 11:12:17.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo co sector do teatro co obxectivo de elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección do CDG co obxectivo de garantir o proceso artístico."

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 11:05:14

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 11:05:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 11:05:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 4912
Data envio: 13/02/2017 11:12:17.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 11:05:34

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 11:05:37

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 11:05:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 13/02/2017 11:32:56.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O 11 de decembro de 2007 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Pontevedra e a empresa Unión Fenosa Distribución, SA para o soterramento da Liña de Alta Tensión en Monte Porreiro-Pontevedra, cun orzamento total de 1.764.298,31 euros, dos que 649.953,40 € correspondían á obra civil a executar polo Concello, e 1.114.344,91 € á instalación eléctrica, comprometéndose a Xunta de Galicia á achega do 40€ e a empresa Unión Fenosa Distribución SA ao 60%.

A vixencia do referido convenio estendíase desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2009, prevéndose expresamente que toda alteración das condicións poderían dar lugar á modificación do convenio.

Ante as dificultades orográficas, técnicas e medioambientais xurdidas na zona próxima ao río Lérez, o Concello optou por sacar a concurso un primeiro treito do soterramento, para o que se acorda pola Xunta de Goberno local do 5-10-2009 a aprobación do correspondente expediente de contratación, con un orzamento total de 568.881,66 €. O contrato foi adxudicado por valor de 465.914,08€.

Tendo en conta os condicionamentos na tramitación do proxecto, o 10 de outubro de 2010 a alcaldía comunicoulle por escrito á consellaría a disposición do

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 13/02/2017 11:32:56.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concello a negociar unha modificación dos prazos e compromisos no seu día pactados, co obxecto de completar a obra executada e rematar as actuacións previstas no convenio.

Este escrito municipal non tivo resposta por parte da consellaría, o que deu lugar a unha serie de acusacións públicas por unha e outra parte en relación coa responsabilidade no incumprimento do convenio. O 13-3-2011, a Consellaría asinou publicamente coa empresa Unión Fenosa na Casa de Cultura de Monte Porreiro –sen que o concello de Pontevedra tivese coñecemento nin fose invitado- un protocolo "para desbloquear a situación de retraso herdada logo da caducidade do convenio asinado". Segundo fixo público a consellaría, o acordo implicaba "un investimento de 1,1 millóns de euros para que a obra estivese rematada nos primeiros meses de 2012". Pola súa parte, a empresa comprometíase a "levar a cabo todos os trámites para a obtención das autorizacións administrativas necesarias" e debía "afrontar as infraestruturas eléctricas que fosen precisas para o definitivo soterramento da liña eléctrica de alta tensión de Monte Porreiro". Segundo se informou daquela, a "Consellaría de Economía e Industria e a empresa constituirán unha comisión mixta para o seguimento do establecido no protocolo".

Deixando de lado a natureza propagandística do acto e a escasa sensibilidade institucional demostrada ao organizalo nun local municipal e non comunicalo nin invitar ao concello, do contido do citado protocolo parecía deducirse que a Xunta de Galicia acometerían conxuntamente a realización dos traballos pendentes.

Contra o que parecía deducirse do acordo, a Consellaría de Economía e Industria, remitiu ao concello de Pontevedra a unha convocatoria de subvencións, publicada no DOG o 12 de xuño de 2012, que ademais de ser claramente insuficiente para financiar a actuación pendente, establecía un prazos de xustificación do investimento (15 de novembro) materialmente imposíbeis de cumprir toda vez que o

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 13/02/2017 11:32:56.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello, unha vez coñecido o importe da subvención concedida, tería que acometer nun prazo extraordinariamente curto a operación de creto para cofinanciar as obras, aprobar o proxecto, contratalo, executar materialmente as obras e xustificalo mediante o pagamento das facturas.

Como consecuencia destes feitos, a día de hoxe segue sem estar rematado o proxecto de soterramento da liña eléctrica que atravesa o barrio de Monte Porreiro. Unha situación que ademais de supoñer o dispendio de recursos públicos xa investidos, supón o incumprimento dun compromiso adquirido polas administracións para darlle solución a um das demandas históricas do barrio.

Polo anteriormente exposto, e para dar remate ás obras xa iniciadas e financiadas integramente polo concello, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a asinar un novo convenio entre a consellaría de industria, Gas Natural Unión Fenosa e Concello de Pontevedra para financiar as obras correspondentes ás instalacións eléctricas pendentes do soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro, valoradas en 1,1 millóns de euros".

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 11:32
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 13/02/2017 11:32:56.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 11:32:13

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 11:32:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 11:32:22

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 11:32:26

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 11:32:28

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 11:32:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:10
Nº Rexistro: 4923
Data envio: 13/02/2017 13:10:18.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas**, **Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre a elevada temporalidade que sofren as persoas que traballan no sector público en Galicia.

A taxa de temporalidade das persoas asalariadas do sector público acadou no cuarto trimestre de 2016 un valor excepcionalmente alto: o 24,5% das persoas que traballan para as administracións públicas son temporais, ou dito de xeito máis gráfico, un de cada catro empregadas e empregados públicos ten un contrato de duración determinada.

Aumenta a taxa de precariedade por dous motivos: redúcese o número de persoas con contrato indefinido mentres que aumenta o número de empregados públicos precarios. Son os dous motivos, non que aumente máis o emprego temporal senón que o emprego estable está caendo nos últimos anos en valores absolutos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:10
Nº Rexistro: 4923
Data envio: 13/02/2017 13:10:18.235

Dende o cuarto trimestre de 2013 o número de persoas empregadas nas diferentes administracións públicas en Galicia cun contrato temporal aumentou en 10.000 mentres que as que teñen un contrato indefinido caeron en 13.000 empregos: hai menos emprego público e, ademais, é de peor calidade.

Aumentan os temporais e caen os indefinidos, o que provoca un incremento da taxa de temporalidade, que pasou do 18,5% no cuarto trimestre de 2013 ao 24,5% no mesmo período de 2016: un incremento de seis puntos que equivale a un crecemento desmesurado da temporalidade do 33% en apenas 3 anos.

As administracións publicas non cobren as súas necesidades, derivadas, en moitos casos, da xubilación dos empregados indefinidos, con contratos estables ou con ofertas públicas de emprego (OPE) e iso provoca o aumento tan acelerado da temporalidade, situando a taxa case ao mesmo nivel que no sector privado, apenas dous puntos por baixo.

A responsabilidade da Xunta de Galicia é obvia nesta cuestión, en especial porque a taxa de temporalidade do emprego público é maior en Galicia que en España: no final de 2016 a taxa aquí é do 24,5% mentres que a media do Estado é do 22,8%, case dous puntos menos.

Aínda por riba, a evolución é moito peor en Galicia dende o ano 2013, porque no cuarto trimestre dese ano a taxa en Galicia era do 18,5% fronte o 19,9% de media estatal. En apenas tres anos pasamos de ter unha taxa inferior en 1,4 puntos á media española a estar 1,7 puntos por riba, o que supón un grave deterioro de máis de tres puntos en contra da estabilidade laboral do emprego público no noso país en comparación co Estado.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:10
Nº Rexistro: 4923
Data envio: 13/02/2017 13:10:18.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inicie, de xeito inmediato, o diálogo cos representantes legais, dos empregados e as empregadas que traballan na administración autonómica, para negociar e acordar as medidas necesarias para mellorar a calidade do emprego público combatendo a precariedade crecente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2017 12:08:45

Eva Solla Fernández na data 13/02/2017 12:08:58

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2017 12:09:06

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2017 12:09:11

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/02/2017 12:09:15

Carmen Santos Queiruga na data 13/02/2017 12:09:20

Antón Sánchez García na data 13/02/2017 12:09:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:10
Nº Rexistro: 4923
Data envio: 13/02/2017 13:10:18.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 13/02/2017 12:09:28

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2017 12:09:31

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 12:09:37

Magdalena Barahona Martín na data 13/02/2017 12:09:40

Francisco Casal Vidal na data 13/02/2017 12:09:45

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2017 12:09:50

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2017 12:09:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Nas últimas décadas a nosa sociedade enfrontouse a profundos cambios sociais, pasando dun país pechado, politicamente conservadora, a unha sociedade máis flexible e tolerante.

De forma paralela, os patróns tradicionais da composición da familia víronse modificados, sobre todo nos derradeiros 25 anos. Entre os principais cambios demográficos, que afectan ao que se coñece como familias monoparentais, poden sinalarse entre outros, o adiamento do matrimonio, o incremento da convivencia, o aumento das taxas de separación e divorcio, ou o incremento de fogares unipersoais.

Derivado das modificacións da estrutura familiar, o aumento de familias monoparentais con fillo/s e/ou filla/s a cargo é unha realidade. Con todo, neste escenario de cambios, ata datas recentes esta tipoloxía de familia non era unha prioridade na axenda das institucións da sociedade pública e civil, debido en moitos casos a que os principios relixiosos e morais reforzaron a tendencia ao confinamento destas familias no espazo privado e facéndoos case invisibles no debate público. Os temas relacionados con esta tipoloxía de familia, principalmente representada por mulleres, estivo practicamente ausente do debate público, porque tradicionalmente as nais solteiras, divorciadas ou separadas foron estigmatizadas e non necesariamente consideradas como un tipo de familia, senón como a consecuencia de decisións egoístas ou erros das persoas adultas que danaban o benestar dos nenos e nenas, mentres as viúvas, pola contra non sufriron esta carga, xa que se consideraron vítimas necesitadas de protección pública.

Con todo, a nosa sociedade madurou, e esta percepción e preocupación está a cambiar, un cambio que debe ir acompañado tamén do deseño de medidas de intervención pública para mellorar a situación destas familias. A vulnerabilidade social das familias monoparentais materializase en termos

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

de privacións materiais, de carencias en alimentación, vestido e calefacción, en problemas de saúde e na precariedade ou a ausencia de emprego. Todas estas situacións contribúen ao proceso de exclusión social que directamente impacta na infancia, incrementando as taxas de pobreza e exclusión infantil, o que pon de manifesto a necesidade de poñer en marcha políticas sociais de familia e infancia a partir do concepto de investimento social, que posibilite o máximo desenvolvemento dos menores desta tipoloxía familiar.

A realidade das familias monoparentais non pode pasar inadvertida, porque foi nas últimas décadas cando se produciu tamén en Galicia, un forte crecemento deste tipo de fogares, que na súa inmensa maioría están formados por unha muller soa cos seus fillos e fillas.

Segundo datos do IGE, en Galicia pasamos de 88.103 fogares monoparentais no 2008, a 103.712 rexistrados a data 31 de decembro de 2015, dos cales case o 80 % están representadas por mulleres.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galegos insta a Xunta de Galicia a tomar as seguintes medidas para as familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %:

1. Incrementar a dedución autonómica no Imposto sobre Renda das Persoas Físicas aplicable sobre a conta íntegra autonómica equiparándoa ao máximo de dedución fiscal que teñen as familias numerosas de categoría especial:
    a. Poderán recibila a declarante cuxa suma das bases impoñibles, xeral e de aforro, non supere os 24.000 euros, incrementándose nun 15 % por cada fillo menor ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %.
2. Desenvolver un programa de garantía de ingresos para aquelas familias con ingresos brutos anuais inferiores aos 12.000 euros para proporcionarlles unha renda que lles permita afrontar as necesidades máis básicas.

3. Considerar a estas familias en situación de vulnerabilidade, como un colectivo prioritario cando o proxenitor estea en situación de desemprego para facilitar a súa inserción no mercado laboral, co fin de equiparar os seus dereitos aos das familias biparentais sen ingresos.
4. Establecer medidas de atención prioritaria para o acceso á vivenda de familias monoparentais con fillos a cargo ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %, en situación de vulnerabilidade e considerar a estas familias como prioritarias na concesión da axudas de aluguer.
5. Recoñecer descontos no transporte aos membros das familias monoparentais con fillos a cargo ou maiores con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %, similares aos previstos para as familias numerosas.
6. Reducir para as familias monoparentais as taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da Administración da Xunta de Galicia.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Modificar a lexislación relativa ás familias numerosas, ao obxecto de que as familias monomarentais-monoparentais con dous fillos, a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 % sexan consideradas familias numerosas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5002
Data envio: 13/02/2017 16:22:55.485

2. Adoptar as medidas necesarias para a progresiva equiparación dos dereitos das familias monomarentais-monoparentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos, ou maiores se padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %: e os das familias numerosas, analizando e equiparando os beneficios que poidan compartir unhas e outras.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 16:18:15

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 16:18:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 16:18:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:54
Nº Rexistro: 5021
Data envio: 13/02/2017 16:54:50.463

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Federación de Asociacións de Celíacos de España define que a enfermidade celíaca é unha intolerancia permanente ao glute do trigo, cebada, centeo e probablemente avena, que se presenta en individuos xeneticamente predispostos, caracterizada por unha reacción inflamatoria, de base inmune, na mucosa do intestino delgado que dificulta a absorción de macro e micronutrientes.

Estímase que a prevalencia da enfermidade está en torno ao 1 %, sendo máis frecuente nas mulleres, cunha prevalencia do dobre que nos homes.

Unha porcentaxe importante de pacientes (en torno ao 75 %) estímase que están sen diagnosticar debido, na súa maior parte, a que a enfermidade celíaca se ten relacionado exclusivamente, coa súa forma de presentación clínica. Non entanto, o recoñecemento doutras formas atípicas de manifestarse, oligo e asintomáticas, combinadas coa maior e mellor utilización das probas complementarias dispoñibles, teñen permitido poñer de manifesto a existencia de diferentes tipos de enfermidade celíaca.

Un problema engadido á propia enfermidade é a dificultade en planificar e adecuarse a unha dieta axeitada. A pesares dos avances que se veñen realizando nos últimos tempos, o acceso aos produtos sen glute aínda é complexo e, sobre todo, caro. Os produtos para celíacos están gravados de maneira elevada e manteñen o IVE no 21 % por estar cualificados como produtos dietéticos, cando en realidade son unha necesidade, prescrita por especialistas sanitarios, para unha parte da poboación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:54
Nº Rexistro: 5021
Data envio: 13/02/2017 16:54:50.463

En agosto de 2016, como campaña electoral, o actual presidente da Xunta de Galicia anunciou como medida principal do seu inicio de campaña que solicitaría ao Goberno de España que se reducise o IVE dos produtos sen glute. Non entanto, ningunha noticia sobre este tema se volveu a producir e non houbo cambios na lexislación fiscal sobre a cuestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Goberno de España que reduza o IVE dos produtos sen glute ao 4 %
2. Estudar a posibilidade de implementar as medidas necesarias para compensar a negativa do Goberno de España a reducir o IVE dos produtos sen glute, no caso de que se produza.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 16:50:22

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 16:50:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 16:50:32

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:28
Nº Rexistro: 5062
Data envio: 13/02/2017 17:28:28.025

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

A apicultura está a ser refuxio laboral para moitas familias de zonas rurais, sendo tradicionalmente un sector que fixa poboación nesas zonas. Doutra banda a apicultura está moi ligada ao medio natural, polinizando gran parte da lora dos nosos montes. Non hai que dicir a importancia que teñen as abellas para o noso sector agrícola, dependendo gran parte dos nosos cultivos da súa polinización.

En Galicia, o sector conta con máis de 110.000 colmeas. Desas, 30.952 colmeas pertencentes a 410 apicultores e un volume de produción próximo ás 620 toneladas, conforman a Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, a de maior volume no ámbito español.

Sen embrago, a produción apícola galega vese ameazada por problemáticas como a proliferación da vespa velutina, os incendios que destrúen colmeas e os hábitats das abellas e a importación de meles foráneos.

Dende 2007, China multiplicou por 5 as súas exportacións a España, superando a pasada campaña as 15.000 toneladas, a un prezo medio de 1,36/kg, case a metade que o prezo do mel español. Unha importación masiva que supón unha competencia desleal para os apicultores xa que a lexislación chinesa permite o uso de produtos fitosanitarios e antibióticos nas colmeas que están prohibidos na Unión Europea. A isto súmase a confusión que pode xerar no consumidor a non

obrigatoriedade de indicación do país de procedencia no etiquetado do mel.

A Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, establece nos seus considerandos que "calquera regulación relativa ao etiquetado dos produtos alimenticios debe fundarse, ante todo, no imperativo da información e a protección dos consumidores" (considerando 6) así como que "as normas de etiquetado deben implicar igualmente prohibición de inducir a erro ao comprador" (considerando 14).

Por iso, no seu artigo 2, apartado 1.a.i) dispón que "o etiquetado non deberá ser de tal natureza que induza a erro ao comprador, especialmente sobre as características do produto alimenticio e, en particular, sobre a natureza, identidade, calidades, composición, cantidade, duración, orixe ou procedencia, e modo de fabricación e de obtención". Así mesmo, no seu artigo 3, apartado 8, queda recollido que "o etiquetado dos produtos alimenticios implicará soamente, (...), as indicacións obrigatorias do lugar de orixe ou de procedencia nos casos nos que a súa omisión puidese inducir a erro ao consumidor sobre a orixe ou a procedencia real do produto alimenticio".

As organizacións agrarias do Estado levan tempo denunciando a falta de transparencia que posibilita a aplicación da Directiva 2001/110/CE do Mel en España, agora modificada pola Directiva 2014/63/UE, xa que permite aos operadores, por exemplo, etiquetar meles de fóra da UE como "mestura de meles UE - non UE" (en casos de adición de pequenas cantidades de mel europeo ás mesturas) sen indicar os países nos que os meles foron recollidos, ou etiquetar como "mestura de meles non UE" sen indicar se o mel comercializado provén de China ou de Ucraína.

Isto vai en contra do establecido na Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, xa que as lendas admitidas pola Directiva inducen a confusión aos consumidores que, aínda que queiran, son incapaces de identificar a orixe do mel que adquiren. A situación resulta cada vez máis preocupante porque as importacións provenientes de terceiros países son crecentes e porque as rotas polas que ingresan no noso país son cada vez máis complexas.

En Italia, o Decreto Lexislativo de 21 de maio de 2004 número 179, de "Aplicación da Directiva 2001/110/CE relativa á produción e comercialización do mel", establecía no seu artigo 3. f) que "na etiqueta debe figurar o país ou países de orixe nos que o mel foi recollida". Tamén ofrecía a posibilidade, tal e como recollía a Directiva 2001/110/CE do Mel, de que "nos casos nos que o mel sexa orixinario de dous ou máis Estados membros ou países terceiros, a indicación puidese ser substituída, segundo fóra o caso, por:

1. "mestura de meles orixinarios da CE";

2. "mestura de meles non orixinarios de CE";

3. "mestura de meles orixinarios e non orixinarios da CE»."A Lei n.81 de 11 de marzo de 2006 dese mesmo país dispuxo, no seu artigo 2.bis, unha modificación ao anterior Decreto Lexislativo (número 179 de aplicación da Directiva do Mel) que establecía que "No artigo 3, parágrafo 2, do Decreto Lexislativo Nº 179 do 21 de maio de 2004, a letra f) substituirase polo texto seguinte: f) debe ser indicado na etiqueta o país ou países de orixe nos que o mel foi recollido.".

Mediante esa modificación, o "Ministerio delle Politiche Agricole, Alimentari e Forestali" italiano excluíu a posibilidade que ofrecía a Directiva 2001/110/CE de

substituír a indicación do país ou países de orixe do mel polas lendas anteriormente mencionadas no caso de meles orixinarios de dous ou máis estados membros ou países terceiros e impuxo a obriga de indicar na etiqueta o país ou países de orixe onde o mel fose recollido.

Pola contestación da Comisión Europea á carta remitida pola AIIPA (Associazione Italiana Industrie Prodotti Alimentari): "en virtude do artigo 249 do Tratado, só os Estados membros son os destinatarios da Directiva, e, por tanto, a opción prevista na segunda frase do artigo 2.4.a) da Directiva 2001/110/CE do Consello relativa ao mel debe ser interpretada como dirixida aos Estados membros, deixándolles neste contexto a opción de elixir entre a regra xeral (impor a indicación do país de orixe) ou a excepción (permitir a utilización dunha indicación xenérica). Polo tanto, da contestación dada pola Comisión, infírese que, á hora de traspoñer a Directiva de referencia, e polo menos para este caso, a facultade de elixir corresponde ao Estado membro.

No Regulamento (U. E.) no 1169/2011, de 25 de outubro, sobre información alimentaria facilitada ao consumidor, recóllese a obriga de etiquetar os alimentos de forma clara, comprensible e lexible.

No seu capítulo II, artigo 4 sobre principios que rexen a información alimentaria obrigatoria, o apartado 2 di: "No caso de que se considere a necesidade de información alimentaria obrigatoria e permitir que os consumidores decidan con coñecemento de causa, terase en conta a necesidade expresada pola maioría dos consumidores de que se lles facilite determinada información á que conceden un valor considerable ou de calquera beneficio xeralmente aceptado". E no seu artigo 7 sobre prácticas informativas leais, indica no punto 1 o seguinte: "A información alimentaria non inducirá a erro, en particular: a) sobre as características do alimento e, en particular, sobre a natureza, identidade,

calidades, composición, cantidade, duración, país de orixe ou lugar de procedencia, e modo de fabricación ou de obtención;...” E tamén, no punto 2 deste mesmo artigo, especifica que: “A información alimentaria será precisa, clara e fácil de comprender para o consumidor.” O Regulamento establece polo tanto a necesidade de reflectir o país de orixe dos produtos alimentarios.

Tendo en conta ademais o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que no seu artigo 288, indica que para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán Regulamentos, Directivas, decisións, recomendacións e ditames, e establece que os Regulamentos terán un alcance xeral, e serán de obrigatorio cumprimento en todos os seus elementos, e directamente aplicable en cada Estado membro (ES 30.3.2010 Diario Oficial da Unión Europea C 83/171), mentres que as Directivas obrigan ao Estado membro destinatario en canto ao resultado que deba conseguirse, deixando, con todo, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios a empregar. De todo iso, pódese deducir que o Goberno español, deu máis relevancia á Directiva relativa ao mel, en detrimento dos dereitos dos consumidores, cando estes dereitos establecidos por un Regulamento, deben primar na aplicación das Directivas.

O sector apícola leva tempo reclamando introducir un cambio normativo na nosa lexislación, que dea cumprimento ao Regulamento (U. E.) no 1169/2011, de 25 de outubro, coa fin de permitir aos nosos apicultores diferenciar as súas producións fronte ás doutros países e aos consumidores a orixe dos meles que consumen. A aplicación que fai o goberno español da Directiva 2001/110/CE vulnera a protección dos consumidores e o dereito de acceso á información para poder tomar decisións conscientes e prexudica a competitividade fomentando a competencia desleal, pola vía de calidade do sector apícola local, que se ve abocado a competir por vía de prezos con produtos de menor calidade, menor prezo e de procedencia indefinida.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:28
Nº Rexistro: 5062
Data envio: 13/02/2017 17:28:28.025

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todos estes motivos o Grupo Parlamentario de En marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que inste ao Goberno de España a modificar o Real Decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel para introducir un cambio normativo que permita aos nosos apicultores diferenciar as súas producións fronte ás de outros países e aos consumidores a orixe clara dos meles que consumen.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo, Asdo.: Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estevez Voceiro do G.P. de En Marea
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2017 17:23:31

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2017 17:23:44

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 17:24:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:49
Nº Rexistro: 5065
Data envio: 13/02/2017 17:49:11.853

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos Gómez Salgado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos E. López Crespo** e **Antonio Mouriño Villar** do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O pasado 9 de Xuño do 2016 o Plenario da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria, acordou dedicar o Día das Letras Galegas do 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño.

Neste mesmo ano 2017, dáse outra celebrada onomástica relacionada con este escritor ourensán: a saída do prelo, en febreiro de 1967, hai 50 anos, de *Vento ferido*, o seu primeiro libro publicado, inserido na Colección Illa Nova da Editorial Galaxia, que supuxo un xeito moderno e universalizante de concibir a literatura Galega.

Os membros da RAG destacaron que o escritor ourensán foi "unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX", salientando a súa condición de narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, así coma "o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual". Así mesmo, os académicos fixeron fincapé en que "alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso inequívoco coa lingua galega". A RAG conclúe que a escolla de Casares "reforzará o prestixio da nosa lingua e literatura, non soamente entre o público escolar e estudantil en xeral, senón entre o gran público lector, que xa celebrou en vida a súa espléndida obra literaria".

Ademais, no ano 1982, hai agora 35 anos, Casares formaba parte dos 71 deputados e deputadas que iniciaban no salón nobre do Pazo de Fonseca a I Lexislatura do Parlamento de Galicia, tendo sido elixido pola circunscrición electoral de Ourense nas

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o día 20 de outubro de 1981. Casares presentárase a aquelas eleccións como galeguista independente nas listas do PsdeG-PSOE, acompañado por Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal, iniciando unha andaina política da que sempre gardou un excelente recordo.

Unha das grandes herdanzas de aquela primeira lexislatura foi o espírito de consenso ao que tanto contribuíron os catro deputados galeguistas, consenso no que frutificou a Lei de Normalización Lingüística, aprobada por unanimidade o 15 de xuño de 1983, en cuxos debates previos e redacción final xogou Casares un importante e decisivo papel.

O pasamento de Ramón Piñeiro en 1990 marca a fin dunha etapa na historia do galeguismo e na vida de Carlos Casares, que a partir dese momento e ata a súa morte vai ter que desempeñar un papel moi semellante ao xogado nos anos anteriores polo seu amigo e mestre. Ambos os dous foron persoeiros fundamentais no desenvolvemento cultural de Galicia, onde Casares destacou pola súa actividade intelectual: na creación, dinamización, defensa e impulso da cultura galega, así como na dignificación da nosa lingua.

Foi o propio Ramón Piñeiro quen propuxo a Carlos Casares como director da Editorial Galaxia en 1985, cargo que desempeñou ata a súa morte e durante o cal procedeu á reestruturación da emblemática editorial viguesa coa mirada posta nos desafíos que podían mostrar uns escenarios sempre cambiantes.

Carlos Casares compaxinou unha extensa creación literaria cunha non menos intensa actividade cultural e institucional: ademais de dirixir Galaxia e a revista *Grial*, presidiu o PEN Club de Galicia, que axudara a nacer, e tamén o Consello da Cultura Galega; formou parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixiu os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela: participou activamente como membro activo na vida da Real Academia Galega; impartiu conferencias, escribiu prólogos, visitou colexios e institutos, presentou libros e asistiu aos innumerables actos aos que foi requirido.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, con ocasión de dedicaráselle o Día das Letras Galegas do 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño, coincidente co 50 aniversario da publicación de *Vento Ferido*; insta á Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver iniciativas que contribúan a afondar e a espallar o coñecemento da obra literaria deste autor, do seu pensamento galeguista, do importante labor que desenvolveu no eido da normalización

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

lingüística, da modernización da cultura e na dignificación da lingua galega.

Tamén a contribuír á conservación, divulgación, coñecemento e posta en valor do seu legado material e cívico, vinculado á actividade intelectual e á vida; para que perdure entre nós a memoria de quen foi, segundo a RAG, 'unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX' ".

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/02/2017 17:47:29

Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:47:39

Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2017 17:47:47

Teresa Egerique Mosquera na data 13/02/2017 17:47:54

César Manuel Fernández Gil na data 13/02/2017 17:48:04

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/02/2017 17:48:08

Carlos Enrique López Crespo na data 13/02/2017 17:48:18

Antonio Mouriño Villar na data 13/02/2017 17:48:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:28
Nº Rexistro: 5090
Data envio: 13/02/2017 18:28:03.259

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira** e **Soraya Salorio Porral,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As Tecnoloxías da Información e Comunicación ofrecen ferramentas imprescindibles na dispensación dos servizos; estes avances tecnolóxicos permiten acercar as prestacións aos pacientes, e melloran a toma de decisións do clínico, a través do acceso á información que redunda nunha maior seguridade na atención outorgada aos pacientes.

Un bo exemplo destas ferramentas é a receita electrónica implantada na nosa Comunidade Autónoma, pioneira na súa definición e desenvolvemento.

Sen embargo, para garantir aos cidadáns a posibilidade de retirar os medicamentos que teñan prescritos dende calquera farmacia en España sen necesidade de presentar unha receita en papel, require avanzar na implantación de sistemas de información que permitan ás transacción entre CCAA, que evolucione e se poña en marcha a interoperabilidade da e-receita en todo o territorio do Sistema Nacional de Saúde.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:28
Nº Rexistro: 5090
Data envio: 13/02/2017 18:28:03.259

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia, a que implante de forma efectiva a interoperabilidade da e-receita co resto do Sistema Nacional de Saúde para que os galegos e galegas poidan dispoñer e acceder aos medicamentos e produtos sanitarios prescritos no lugar no que se encontre cando se desprace fóra da Comunidade Autónoma".

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/02/2017 18:06:13

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 18:06:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 18:06:28

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/02/2017 18:06:33

Marta Rodriguez Arias na data 13/02/2017 18:06:42

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/02/2017 18:06:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/02/2017 18:06:58

María Soraya Salorio Porral na data 13/02/2017 18:07:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envio: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

Exposición de motivos

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén facendo un grande esforzo para seguir avanzando na vertebración do territorio e contribuíndo á unha maior competitividade e á igualdade de oportunidades dos galegos.

A pesar das dificultades derivadas da crise económica, na pasada lexislatura o Goberno galego foi quen de continuar desenvolvendo vías de altas prestacións, incrementando en máis dun 66% a rede de alta capacidade con respecto ao ano 2009: 120 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, que permiten que o 80% da poboación se atope actualmente a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade.

Un dos maiores exemplos deste avance témolo na Autovía da Costa da Morte, posta en servizo o 29 de xullo do pasado ano. 27 novos quilómetros libres de peaxe (25 quilómetros de autovía entre Carballo e Baio e 2 quilómetros da variante de Baio), que supoñen unha transformación nas comunicacións dunha comarca na que habitan 120.000 persoas, e incide na mellora da calidade de vida e benestar de todos os veciños da zona, máis alá dos cinco concellos polos que discorre o trazado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envio: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Con esta nova infraestrutura, a Xunta daba continuidade á vía de altas prestacións existente e facíao na zona de maior tráfico, xa que Carballo é o núcleo de maior poboación e o centro de actividades administrativas da comarca.

Unha vez que o treito principal da autovía da Costa da Morte xa está en servizo desde o pasado verán, cómpre agora que o Goberno galego continúe traballando e dando os pasos necesarios que permitan acometer a prolongación da conexión ata o concello de Vimianzo, nunha primeira fase, tal e como ten comprometido o propio presidente da Xunta, continuando así a aposta pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a darlle continuidade a Autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC-432, en dirección a Camariñas, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos Orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura".

Santiago de Compostela, 13 de Febreiro 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envio: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 13/02/2017 18:33:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 18:33:56

Jaime Castiñeira Broz na data 13/02/2017 18:34:12

Marta Novoa Iglesias na data 13/02/2017 18:34:20

Antonio Mouriño Villar na data 13/02/2017 18:34:36

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/02/2017 18:34:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/02/2017 18:34:56

Gonzalo Trenor López na data 13/02/2017 18:35:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 14/02/2017 18:48:54.185

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e advertido un erro nos documentos con número de Rexistro: 5104 e 5105, solicita a inclusión da firma do portavoz Pedro Puy Fraga nos mesmos.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/02/2017 18:47:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 13/02/2017 19:06:16.540

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia núm. 28 do 9 de febreiro actual vense de publicar a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. A exposición de motivos desta lei xustifica a súa aprobación en que os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

Sinala a continuación esta exposición de motivos que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción.

Finalmente, esta exposición indica que, para unha maior eficacia e eficiencia, a lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Así, podemos observar, como de forma profusa se recolleu no debate parlamentario de aprobación desta lei xunto coa de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2017, a variedade de materias afectadas por esta disposición legal. Desde medidas en materia tributaria, de réxime financeiro e xestión económica, que efectivamente resultan precisas para completar as disposicións previstas na lei orzamentaria para este exercicio 2017, ata un total de vinte e unha leis sectoriais que resultan modificadas, como sinala a propia Lei de medidas, con vocación de permanencia. Desde a normativa en materia de emprego público ata a regulación do propio Consello Consultivo, pasando polas leis reguladoras de emprendemento, deporte, saúde, vivenda, protección de consumidores, metroloxía, xogo, minaría, comercio interior, montes e estruturas agrarias, I+D, portos, pesca, servizos sociais, urbanismo e solo ou transporte. Certamente poucos máis ámbitos competencias autonómicos quedaron sen modificar por esta Lei 2/2017.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 13/02/2017 19:06:16.540

Todos os Grupos parlamentarios da oposición criticamos duramente esta técnica lexislativa que vén empregando o Goberno do Sr. Feijoo cada exercicio con máis intensidade, poderíamos afirmar, que cada día con menos pudor. E esta crítica estriba na vulneración do principio democrático. A utilización desta forma de lexislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, menoscaba o necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evitando ao propio tempo a necesaria participación cidadá na tramitación da norma, e sometendo ao ordenamento xurídico de Galicia a unha innecesaria tensión e inseguridade. Todos os operadores xurídicos ven así constrinxida a súa seguridade xurídica e a esixible certeza que precisa o noso acervo normativo autonómico. Esta forma de lexislar ten un certo efecto descodificador do ordenamento xurídico. Mesmo algunha intervención no debate parlamentario da lei 2/2017 por parte de algún voceiro do Partido Popular recoñecía que esta técnica era certamente mellorable.

E aínda que o Tribunal Constitucional non considera esta clase de "lexislación de conxuntura" contraria á Constitución desde o punto de vista xurídico-constitucional (recente STC 2011/136), si observa que o recurso a este tipo de disposicións lexislativas, dotadas de gran heteroxeneidade, tramitadas polo procedemento de urxencia, pode afectar en certa medida ao exercicio efectivo do dereito á participación política dos poderes estatuídos. Nesta recente sentenza, o TC sinala que "*non cabe dúbida de que sería unha técnica máis perfecta a de circunscribir o debate político dun proxecto de lei a unha materia específica, o que alentaría unha maior especialización do mesmo e, posiblemente, unha mellor pureza técnica do resultado*".

Estamos así ante unha clara desnaturalización da función lexislativa, da concepción constitucional e estatutaria da lei. Como se afirma nun dos votos particulares á dita sentenza constitucional "... *a lei non é solo decisión da maioría, senón que, a través do procedemento lexislativo, permite a efectiva participación das minorías, debatendo o proxecto da maioría e formulando as súas propostas a través das emendas, todo isto de acordo coas esixencias indeclinables do principio de pluralismo político (art. 1.1 CE*)".

Pero non estamos aquí agora ante un xuízo de legalidade nin de constitucionalidade destas chamadas leis de acompañamento, estamos ante unha esixencia de mellora substancial da calidade democrática. Poñamos en Galicia límites a esta forma de lexislar, acoutemos os supostos e as materias propias destas leis, que non poden ser outras que aquelas que nacen vencelladas ás disposicións anuais orzamentarias, polo tanto, non con vocación de permanencia senón con eficacia unicamente vencellada ás contas anuais.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 13/02/2017 19:06:16.540

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Lembremos, unha vez máis, que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, reivindica unha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a regular, mediante a necesaria modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o ámbito material das leis chamadas de "medidas" ou de "acompañamento", que deberán circunscribirse unicamente a aquelas materias de carácter fiscal, financeiro ou económico que teñan relación directa coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2017 19:04:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2017 19:04:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2017 19:04:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 19:04:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:19
Nº Rexistro: 5116
Data envio: 14/02/2017 10:19:57.861

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En Galicia, temos un Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas (formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes) e seis parques nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

O Parque Nacional fora declarado así en virtude da Lei 15/2002, do 1 de xullo, que xa facía referencia á obriga de elaborar un plan reitor do parque. Teñen pasado case 15 anos e este plan, principal instrumento de xestión, aínda está en proceso de elaboración. En xullo de 2011, o conselleiro de Medio Rural daquel tempo dicía que só faltaba o trámite de información pública, pasar polo MAGRAMA, polo Consello Galego de Medio Ambiente, polo informe do Patronato do Parque Nacional e xa estaría listo e se aprobaría antes do remate daquel ano 2011. Teñen pasado máis de 5 anos e o medio mariño (cun valor ecolóxico e unha riqueza biolóxica incalculables), ademais da riqueza do seu medio terrestre, agardan esa eficacia e eficiencia da que sempre nos fala o Goberno galego.

Por outra banda, hai máis ou menos un ano, a Consellería de Medio Ambiente creaba, dentro da dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos de parques naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia.

Nunha das súas comparecencias, a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apostaba pola conservación dos parques compatible co seu disfrutar, na idea de potenciar que sexan un destino turístico. O Grupo Parlamentario Socialista entende que, máis alá de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:19
Nº Rexistro: 5116
Data envio: 14/02/2017 10:19:57.861

convertelos en grandes destinos turísticos, o esencial sería o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus habitantes (onde os haxa), ademais de entender máis axeitado encadralos como epicentro dun plan de Educación ambiental escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar a aprobación do Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo Terreste das Illas Atlánticas de Galicia, incluíndo na súa memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario "Financiamento da Rede Natura 2000", tanto no relativo á conservación, xestión e recuperación de hábitats, como no relativo ás compensacións previstas aos propietarios e propietarias de pola posible perda de dereitos consecuencia da xestión da Rede Natura.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 10:13:09

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 10:13:15

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 10:13:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2017 10:13:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envio: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia económica exercida contra as mulleres polo poder económico e político preséntase en forma de discriminación salarial, pensións máis baixas, contratos máis precarios, traballo doméstico e de coidado de menores, maiores e dependentes gratuíto, entre outros aspectos.

Poderíamos considerar como violencia institucional a que exercen as institucións sobre as mulleres cando non actúan para amparar os seus dereitos.

Unha das moitas violencias contra as mulleres é a exercida a través dos salarios e as condicións laborais: que unha muller cobre menos que un home polo mesmo traballo, ou que sistematicamente teñan traballos máis precarios e peor valorados e remunerados, está a indicar a ese home e a todos os homes que as mulleres son inferiores nas súas capacidades e que aportan menos á sociedade co seu traballo. É dicir, estase desvalorizando socialmente ás mulleres.

Polo tanto, se a violencia de xénero ten a súa orixe no dominio dun sexo sobre o outro ao que considera inferior, que os gobernos sigan a permitir tales

ilegalidades e discriminacións da muller non fai máis que afondar na orixe do conflito.

Unha traballadora galega gaña, de media, un 20% menos que un home polo mesmo traballo e xornada. As mulleres menores de 30 anos soportan taxas de temporalidade superiores ao 60%, independentemente do seu nivel formativo.

A falta de oportunidade laboral que padecen as mulleres é evidente na análise sectorial do mundo do traballo: 9 de cada 10 traballadoras galegas pertencen ao sector servizos.

Segundo datos de CCOO, a contratación a tempo parcial afecta a 108.300 mulleres fronte a 33.200 homes en Galiza. O 63 % delas aceptaron ese tipo de contrato por non encontrar traballo a tempo completo. Ademais, un 13% das mulleres aceptaron un traballo a tempo parcial para atender o coidado de menores ou persoas adultas enfermas ou dependentes, fronte a só un 2% dos homes.

A taxa de temporalidade é dun 27,5% nas mulleres, fronte a un 23,6 % nos homes.

Segundo un estudio da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos excepto nos máis baixos, de xeito que hoxe o 20% do total de asalariadas galegas ingresa menos da metade do SMI -é dicir, ingresos inferiores a 4.953 euros ao ano- e outro 16% tivo ingresos entre a metade e o SMI -isto é, entre 4.953 e 9.906 euros ao ano-.

Un 42% das mulleres desempregadas que están buscando un posto de traballo levan máis de dous anos intentándoo.

Só o 2,4% das mulleres traballadoras galegas ocupa postos de dirección fronte ao 4,9% dos homes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envio: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O 28 decembro 2016, a iniciativa do G.P. de En Marea, foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza unha Moción que instaba á Xunta a abrir una mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar un informe na próxima sesión do Pleno do Parlamento en relación coa mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, con mediación do CGRL, aprobada na sesión do 28 de decembro de 2016.
2. Elaborar en colaboración con patronal e sindicatos un Plan de Escolas Infantís vinculadas ao mundo do traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar da clase traballadora.
3. Elaborar en colaboración cos sindicatos máis representativos no ámbito da Xunta un Plan de Escolas Infantís vinculadas aos seus centros de traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar das e dos traballadores públicos e de todo o persoal de empresas externas que desenvolvan a súa xornada laboral en centros da Xunta de Galicia.
4. Aumentar a rede de atención á dependencia de xeito que todas as comarcas do país teñan prazas suficientes tanto en centros de internamento como en centros de día con horarios compatibles coa xornada laboral, e unidades de HADO para dar resposta ás necesidades da súa poboación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envio: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

5. Obrigar e vixiar o cumprimento duns parámetros mínimos de calidade nos contidos da RTVG, que difundan valores de convivencia, protexan a infancia, non fomenten ningún tipo de discriminación, non reproduzan estereotipos de xénero e respecten os dereitos laborais dos e das súas profesionais.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/02/2017 10:28:15

Luis Villares Naveira na data 14/02/2017 10:28:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 11:16
Nº Rexistro: 5125
Data envio: 14/02/2017 11:16:38.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo Tecia solanivora Povolny, foi detectada en Galicia en agosto de 2015.

Por medio da Resolución de 16 de outubro do mesmo ano, publicada no DOG de 3 de novembro declarouse a presenza da praga e establecéronse as zonas demarcadas e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

En febreiro de 2016, a través dunha nova Resolución, actualizáronse as zonas afectadas e finalmente o 2 de febreiro deste ano en curso publícase outra nova Resolución que amplía as zonas do territorio que se encontran afectadas pola xa citada couza guatemalteca.

Desde a súa detección e malia as medidas, ó parecer, tomadas pola Consellería de Medio Rural, a praga esténdese inexorablemente.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 11:16
Nº Rexistro: 5125
Data envio: 14/02/2017 11:16:38.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Media ducia de charlas informativas, trampas de detección e pouco máis, coma se a praga tivese unha incidencia inapreciable e non fose a ameaza que ultimamente destapou a alarma social. Saíu nos xornais e xa é constatable a súa perigosidade.

Van xa dous anos da súa detección e as medidas adoptadas polo goberno de Galicia móstransenos completamente ineficaces. E a praga avanza.

Os produtores de pataca deste noso País mostran publicamente os seus temores e non só pola ameaza da praga, senón pola política de brazos cruzados da Consellería. Ninguén sabe que facer. A semente mercada, as terras labradas e non hai directrices actualizadas. Só se manteñen as medidas de contención e control publicitadas no DOG de 3 de novembro de 2015

Existe na poboación das zonas afectadas oficialmente un sentimento de desamparo e de incerteza e sobre todo de non saber que facer diante o silencio oficial. Esa espera a que Madrid dite un decreto anunciado coma se a Xunta de Galicia non tivese competencias plenas no asunto.

Este sentimento de indefensión amplíase e nas reunións que produtores están levando a cabo existe a sensación de teren a administración en contra.

Sendo este un País no que case a totalidade das familias que habitan o campo cultivan este tubérculo para autoconsumo é manifesto que as medidas de control do produto e as campañas de sensibilización e formación para atallarmos esta praga hai tempo que deberían estaren deseñadas e en activo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 11:16
Nº Rexistro: 5125
Data envio: 14/02/2017 11:16:38.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sendo tamén unha moi seria ameaza para o sector da pataca e a economía dos galegos e galegas faise desesperante a inexplicable espera polo famoso decreto e por medidas serias e decididas da administración.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Establecer un diálogo franco Administración-sector da pataca que lle devolva a este último algunha da confianza perdida.

- Convocar ás alcaldías das zonas demarcadas pola corentena como canle de diálogo directo e consensuado e para unha mellor difusión das medidas a tomar fronte a esta ameaza.

- Facer de inmediato unha campaña informativa e formativa intensiva arredor da praga da couza guatemalteca dirixida en primeiro termo a produtores e comercializadores do produto e logo tamén á poboación en xeral para sairmos da incerteza e dar seguridade á poboación afectada.

- Publicar e difundir con linguaxe sinxela e comprensible entre a poboación que cultiva este produto as medidas preventivas e de control básicas dirixidas a frear e erradicar esta praga.

- Deseñar e publicar tamén de xeito inmediato as axudas económicas necesarias para paliar as perdas que esta praga orixine no sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 11:16
Nº Rexistro: 5125
Data envio: 14/02/2017 11:16:38.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dotar e ampliar todo canto se estime necesario as liñas de investigación abertas sobre os comportamentos do insecto en cuestión e as medidas fitosanitarias que puidesen controlalo e no mellor dos posibles erradicalo.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2017 11:14:58

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2017 11:15:04

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2017 11:15:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 11:16
Nº Rexistro: 5125
Data envio: 14/02/2017 11:16:38.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2017 11:15:14

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2017 11:15:18

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2017 11:15:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 13:25
Nº Rexistro: 5133
Data envio: 14/02/2017 13:25:03.920

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro, **Luis Villares Naveira** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

A Lei 45/07 do 13 de decembro de desenvolvemento sostible do medio rural, aprobada polo Congreso dos Deputados en 2007, parte da constatación de que o medio rural segue mostrando un diferencial de desenvolvemento con respecto ao medio urbano e que é especialmente acusado en determinadas zonas rurais cualificadas como zonas a revitalizar. O despoboamento e a desertización de moitas comarcas rurais, o alto índice de envellecemento da súa poboación, a baixa taxa de actividade económica e a súa escasa diversificación, así como a diminución constante da súa poboación activa, os altos índices de desemprego entre a poboación xuvenil, e a falta de oportunidades para este sector poboacional. A baixa calidade e escasa cobertura dos servizos públicos en especial sanitarios, educativos e culturais, unido á vulnerabilidade maior das persoas anciás neste contexto e as dificultades para desenvolver unha vida en igualdade de condicións para as mulleres, son todas razóns que a lei argumenta para unha política rural integral. A lei pon de manifesto a necesidade de realizar un cambio no enfoque das políticas públicas para atender a territorios e poboacións cun enfoque fundamentalmente territorial e integral. Neste sentido, a Lei establece as bases dunha política rural propia, como política de Estado, plenamente adaptada ás condicións económicas, sociais e ambientais particulares do medio rural, que permita complementar a aplicación dos instrumentos das políticas europeas e das políticas sectoriais convencionais, para procurar un desenvolvemento sostible do medio rural.

A elaboración e promulgación da Lei contou cun amplo consenso e apoio dos diversos sectores sociais e económicos implicados, os distintos axentes e organizacións activos no territorio rural, así como das organizacións agrarias e profesionais do sector primario e o conxunto de administracións locais.

A lei converteuse en Lei Orgánica coa promulgación da Lei Orgánica 16/07 de 13 de decembro complementaria da lei de desenvolvemento sostible do medio rural, e compleméntase con outras normas de desenvolvemento e concordantes, en concreto, a Lei 42/07 de 13 de decembro de Patrimonio Natural e a Biodiversidade, o Real Decreto 865/2008, de 23 de maio, polo que se regula a composición, funcións e funcionamento da Comisión Interministerial para o Medio Rural, do Consello para o Medio Rural, e da Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural, organismos previstos na lei para a coordinación, e seguimento na súa aplicación e participación das entidades e axentes sociais, e o Real Decreto 1336/2011, de 3 de outubro, polo que se regula o contrato territorial como instrumento para promover o desenvolvemento sostible do medio rural a través da figura de agricultura de contrato territorial.

A lei promove o desenvolvemento rural participativo. É dicir, trátase de buscar a implicación e participación de todos os axentes sociais e económicos do territorio e das distintas administracións públicas nos seus diversos niveis. O Plan de Zona é o instrumento que elabora o conxunto de actores implicados e que establece as prioridades de desenvolvemento nun período de cinco anos. Representa unha nova forma de construír e planificar o desenvolvemento de abaixo arriba aplicada aos territorios rurais.

Por medio do Real Decreto 752/2010, de 4 de xuño, apróbase o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, tras ser informado favorablemente polo tres órganos de coordinación e participación creados pola lei: a Comisión Interministerial para o

Medio Rural, a Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural e o Consello para Medio Rural.

Coa aprobación do Programa 2010-2014, púxose en marcha por parte das Comunidades Autónomas e as zonas rurais identificadas o proceso de elaboración dos respectivos Plans de Zona de acordo ao instrumento previsto no artigo 12 da Lei 45/2007 no que se establece a figura das Directrices Estratéxicas Territoriais de Ordenación Rural (DETOR).

As Comunidades Autónomas comunicaron ao Ministerio o estado de aplicación do Programa nos seus respectivos territorios, incluíndo nalgúns casos unha ligazón á súa propia páxina web onde localizar información máis detallada sobre a organización adoptada pola comunidade autónoma, ou o proceso de elaboración dos Plans de Zona. O Ministerio publicou en xaneiro de 2012 un informe resume sobre o estado de aplicación do Programa de Desenvolvemento Sostible.

A realidade do medio rural merece, como así o demostrou o proceso de aprobación da lei, o consenso e compromiso do conxunto do Parlamento no que debe comprometerse para revitalizar o Pacto de Estado por un Mundo Rural Vivo que representa a Lei 45/07 de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural. Consideramos que existe un espazo común nesta Lei que, a pesar das dificultades para pola en marcha, entrou en vigor ata que en xaneiro de 2012 o Goberno do Partido Popular encerrouna de novo no último caixón dunha Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural que desde entón se dedicou sen máis a xestionar os escasos fondos que lle chegaban de Europa sen desenvolver ningunha proposta propia.

A problemática á que fai fronte esta lei atinxe de maneira especial ao mundo rural galego. Galicia suma unha aldea despoboada cada semana, e xa ten deshabitados máis de 3.562 núcleos de poboamento. No noso país perdemos,

dende 2011, 11.100 postos de traballo no sector primario. As dificultades para prestar servizos e atender as necesidades educativas, sanitarias, sociais e de comunicación dunha parte importante do rural galego son enormes.

Entendemos que o desenvolvemento desta lei tería consecuencias moi positivas para o medio rural galego, con políticas para frear o despoboamento e apostar pola creación de emprego no rural. Moitos dos municipios do medio rural galego vense afectados por esta lei, especialmente aqueles máis illados, con maiores problemas sociais e de inversión. O declive demográfico que afecta ao noso rural atópase especialmente agudizado nos concellos de montaña.

Esta lei que propomos activar e desenvolver contempla na súa aplicación unha ampla batería de medidas e actuacións que terán un impacto positivo concreto sobre a calidade de vida da poboación rural e sobre as oportunidades de desenvolvemento. A clave importante é a coordinación entre as actuacións das administracións. Algunhas destas actuacións son competencia do Estado; outras, das comunidades autónomas, e outras, das entidades locais.

Fai falta vontade política e un compromiso real no desenvolvemento e aplicación desta Lei. Faise necesario realizar un seguimento e que non quede aparcada, polo que cómpre facer unha avaliación de impacto da situación das comarcas rurais consideradas como prioritarias na Lei, impulsar a coordinación entre as diferentes administracións, así como incluír a dotación orzamentaria necesaria a efectos de poder impulsar e desenvolver o proceso de participación e elaboración do Segundo Programa de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural.

Por toda esta serie de motivos presentamos esta Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 13:25
Nº Rexistro: 5133
Data envio: 14/02/2017 13:25:03.920

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1.- Que inste ao Goberno do Estado a impulsar a aplicación efectiva da Lei 45/07 de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural.

2.- Que active as medidas necesarias para desenvolver esta Lei 45/07 de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural. no seu ámbito de competencias, coordinando a súa aplicación co Goberno do Estado a través da elaboración do Segundo Programa de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural.

3.- Que habilite a partida orzamentaria, no Orzamento de 2017, para o cofinanciamento necesario na elaboración dos novos plans de zona e o Segundo Programa de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo, Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2017 13:20:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 13:25
Nº Rexistro: 5133
Data envio: 14/02/2017 13:25:03.920

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

David Rodríguez Estévez na data 14/02/2017 13:20:47

Luis Villares Naveira na data 14/02/2017 13:21:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:26
Nº Rexistro: 5137
Data envio: 14/02/2017 17:26:34.295

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:26
Nº Rexistro: 5137
Data envio: 14/02/2017 17:26:34.295

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no Capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

O cambio estrutural non se producirá se a nosa sociedade non é capaz de asumir e propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo nos ámbitos públicos, económicos e, especialmente, nos postos que implican a toma de decisións socialmente importantes, pois un dos principais obstáculos para o afianzamento do principio de igualdade, na sociedade galega actual é a desigualdade no acceso aos postos de responsabilidade e toma de decisións no ámbito do traballo e a inserción, permanencia e promoción no emprego das mulleres.

Este cambio na estrutura social non é só un cambio económico, senón que vén acompañado dun novo contrato social baseado en compartir as responsabilidades e funcións. As mulleres convertéronse, precisamente, nun dos motores deste cambio transgredindo positivamente os roles tradicionais e incorporándose a todos os ámbitos públicos. E esta é, en

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

definitiva, a maior achega que están a facer tanto a favor do mercado de traballo como da sociedade.

Pero esta achega para o cambio require do apoio das institucións, xa que o enorme esforzo realizado para situar aos distintos colectivos de mulleres nunha situación igualitaria ante o emprego está condicionado pola existencia de múltiples barreiras sociais e culturais que aínda dificultan a mellora da ocupabilidade e a plena incorporación ao ámbito laboral. Estes obstáculos, baseados en estereotipos profundamente enraizados actúan a través dos roles sociais nas persoas que ofrecen emprego como freos para a contratación, e se traducen na cronificación de situacións de desigualdade e na perpetuación de condicións discriminatorias.

O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado. A súa responsabilidade como parte fundamental da economía e da sociedade da nosa comunidade debe atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción do principio de igualdade como parte vertebradora das políticas empresariais deste país.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación. Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:26
Nº Rexistro: 5137
Data envio: 14/02/2017 17:26:34.295

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un Acordo Marco de Actuación estable e continuada no tempo coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, contra a brecha salarial e pola igualdade efectiva no traballo.

   1.1 No marco deste acordo, poñerase en marcha unha fiestra única para a recepción de consultas e denuncias sobre a fenda salarial de xénero e a igualdade de oportunidades no aceso ao mercado laboral e condicións de traballo, como un mecanismo para a coordinación interinstitucional.

2. Cumprir a *Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.*

3. Redactar e difundir un monográfico sobre fenda salarial en Galicia cada 22 febreiro, Día para a igualdade salarial entre mulleres e homes.

4. Potenciar á integración da igualdade na formación profesional e no ensino universitario a través da:

   4.1 Elaboración de datos sobre porcentaxes de alumnas e graduadas así como sobre as saídas profesionais nos programas de orientación preuniversitaria co fin de potenciar o perfil das titulacións entre as alumnas.

   4.2 Posta en marcha dunha campaña de sensibilización na formación profesional para favorecer a presenza de mulleres en disciplinas masculinizadas.

   4.3 Toma de medidas de comunicación que incidan nunha elección de estudos e saída profesional non sesgada por cuestións de xénero.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4.4 Favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres, no desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da *Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.*

5. Priorizar nas políticas activas de emprego da situación das mulleres do medio rural e das mulleres do sector marítimo-pesqueiro implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral.

6. Poñer en marcha actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino, fundamentalmente a respecto da: formación empresarial, axudas económicas para a creación de empresa, servizos de asesoramento empresarial, servizos de titoría na creación e mellora de empresa, apoio á constitución de redes empresariais, fomento da participación nas canles de promoción, publicidade e comercialización de servizos e produtos.

7. Incrementar durante a X lexislatura as medidas de apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou de outras medidas de promoción da igualdade, facendo especial fincapé no incremento da porcentaxe de mulleres en casos de subrepresentación das mesmas e na adaptación dos tempos e horarios laborais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:26
Nº Rexistro: 5137
Data envio: 14/02/2017 17:26:34.295

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real e efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/02/2017 17:25:48

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 17:25:54

Julio Torrado Quintela na data 14/02/2017 17:25:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:26
Nº Rexistro: 5137
Data envio: 14/02/2017 17:26:34.295

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2017 17:26:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:32
Nº Rexistro: 5148
Data envio: 14/02/2017 17:32:46.216

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** sobre as actuacións que debe acometer a Xunta de Galicia para frear a praga da avispiña do castiñeiro para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

O sector da castaña, sector emerxente na Galiza despois dun latente abandono dende os anos 80, está de novo ameazado polo posible avance da avespiña do castiñeiro.

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na última campaña superáronse os 20 millóns de kilos, que se traducen nun valor estimado xerado que supera os 100 millóns de euros.

Estase a constatar por medio de empresas, cooperativas, produtores e comercializadores a preocupación xeneralizada en toda a Galiza polo avance da praga da avespiña.

Hoxe en día a avespiña estendese con velocidade, sen que medidas coma podas ou tala de pés afectados teñan ningún éxito.

A praga da avespiña pode ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén sobre o “patrimonio forestal” dos soutos centenarios que hai na zona oriental de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:32
Nº Rexistro: 5148
Data envio: 14/02/2017 17:32:46.216

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga a través da solta do seu parasito, o 'Torymus Sinensis'.

En Galiza, a loita experimental co 'Torymus' iniciouse o ano pasado coa liberación duns 10.000 exemplares do insecto nas provincias de Lugo e Ourense, as de maior presenza do problema.

A capacidade da praga para multiplicarse de ano en ano é a principal preocupación do sector, pois cada femia da avespiña do castiñeiro pode poñer entre 100 e 200 ovos por campaña.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar a produtores, comercializadores, cooperativas e empresas sobre o estado do avance da avispiña nos seus territorios así como das medidas que esta está a implementar para frear a praga.

2. Dar cursos de formación a produtores para atacar a avespiña antes de que chegue o "Torymus Sinensis".

3. Incrementar a partida para a erradicación da praga, pois agora mesmo estase a observar como as medidas tomadas ata o de agora non foron as suficientes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:32
Nº Rexistro: 5148
Data envio: 14/02/2017 17:32:46.216

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2017 17:25:42

David Rodríguez Estévez na data 14/02/2017 17:26:05

Luis Villares Naveira na data 14/02/2017 17:26:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 5155
Data envio: 14/02/2017 18:17:04.138

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En Galicia, temos un Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas (formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes) e seis Parques Nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

O Parque Nacional fora declarado así en virtude da Lei 15/2002, do 1 de xullo, que xa facía referencia á obriga de elaborar un plan reitor do parque. Teñen pasado case 15 anos e este plan, principal instrumento de xestión, aínda está en proceso de elaboración. En xullo de 2011, o conselleiro de Medio Rural daquel tempo dicía que só faltaba o trámite de información pública, pasar polo MAGRAMA, polo Consello Galego de Medio Ambiente, polo informe do Patronato do Parque Nacional e xa estaría listo e se aprobaría antes do remate daquel ano 2011. Teñen pasado máis de 5 anos e o medio mariño (cun valor ecolóxico e unha riqueza biolóxica incalculables), ademais da riqueza do seu medio terrestre, agardan esa eficacia e eficiencia da que sempre nos fala o Goberno galego.

Por outra banda, hai máis ou menos un ano, a Consellería de Medio Ambiente creaba, dentro da dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos de parques naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia.

Nunha das súas comparecencias, a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apostaba pola conservación dos parques compatible co seu disfrute, na idea de potenciar que sexan un destino

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 5155
Data envio: 14/02/2017 18:17:04.138

turístico. O Grupo Parlamentario Socialista entende que, máis alá de convertelos en grandes destinos turísticos, o esencial sería o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes (onde os haxa), ademais de entender máis axeitado encadralos como epicentro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia, e en todo caso, sempre dende un punto de vista da sostinibilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que todos os proxectos sobre o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas e os seis parques nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra:

1. Desbote que sexan grandes destinos turísticos e se centre na súa sostibilidade.
2. Sexan aproveitados como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes.
3. Sexan encadrados como epicentro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 5155
Data envio: 14/02/2017 18:17:04.138

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 18:13:34

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 18:13:39

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 18:13:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2017 18:13:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:28
Nº Rexistro: 5161
Data envio: 14/02/2017 18:28:45.685

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López** e **Luis Manuel Alvarez Martínez, ,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O Real Mosteiro de Oia é un antigo mosteiro cisterciense fundado no século XII, situado no concello de Oia, na provincia de Pontevedra. O conxunto monacal foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1931.

A súa proximidade ao mar faino destacar entre o resto de mosteiros do Císter. Foi esa situación tan estratéxica, freote a unha cala que actuaba como refuxio e abrigo para embarcacións, a que provocou o carácter de fortaleza na súa fachada ao mar.

Unha intensa historia vén ligado ao mesmo, servindo non só para acoller ás diversas congregacións que o habitaron, senón que actuou tamén como lugar de defensa, introdutor de novos produtos alimentarios (millo e tomate), o cultivo da vide, da cría de cabalos en liberdade (orixe da rapas das bestas).

O século XX supuxo para o mosteiro un continuo traspaso de mans. Dende o ano 1932 a administración correspondeu ao alcalde do concello, época na que sofre os maiores saqueos e abandono. Durante a guerra civil foi empregado como cárcere, chegando a albergar a preto de 3.300 de persoas presas.

Na actualidade e tras diversas ventas a diferentes propietarios e propietarias e sociedades a propiedade recae na sociedade Residencial Monasterio de Oia S.A., actual promotora dun proxecto hoteleiro, residencial e turístico.

Este proxecto que contempla a restauración, rehabilitación, e posta en valor do conxunto monacal e do seu entorno, prevé dotar ao complexo dun hotel 4 estrelas, con capacidade aproximada de 72 habitacións, zonas verdes, un centro de talasoterapia anexo e o desenrolo dun equipamento residencial nos terreos do ámbito de actuación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:28
Nº Rexistro: 5161
Data envio: 14/02/2017 18:28:45.685

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Pleno do Concello de Oia, na súa sesión extraordinaria celebrada o 30 de novembro de 2011, aprobou un convenio urbanístico relativo á ordenación detallada e a delimitación do polígono que afecta ao mosteiro e ó seu entorno inmediato subscrito entre o citado concello e a mercantil propietaria do mesmo.

Van para 6 anos dende o comezo dos trámites e a pesar do convenio asinado co concello no seu día e de ter sido tratado o tema no Pleno do Concello en repetidas ocasións, aínda non se acadou a aprobación inicial da modificación puntual precisa para avanzar nas seguintes fases de redacción.

Mentres tanto, este ben catalogado como BIC, está nun estado de abandono tal que está a pór en serio perigo a súa correcta conservación.

E se a recuperación deste conxunto patrimonial é primordial, non o é menos o novo uso que se lle pretende dar, que suporá un impulso para o emprego e economía local, especialmente nun concello como é o de Oia, que perde poboación ano a ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a interesarse polo estado da tramitación deste expediente no concello de Oia e a desenrolar mecanismos de protección efectivos do patrimonio histórico - artístico, máis alá da publicidade.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Abel Losada Alvarez
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:28
Nº Rexistro: 5161
Data envio: 14/02/2017 18:28:45.685

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 18:27:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2017 18:27:55

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/02/2017 18:28:01

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 14/02/2017 18:28:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2017 18:28:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 11:01
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 15/02/2017 11:01:42.219

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das inversións propostas pola empresa ENCE, no mal chamado "pacto ambiental" asinado coa Xunta de Galicia, ten coma obxectivo a construción dun centro de I+D forestal; e tanto ENCE como a Xunta pretenden a súa instalación no Pazo de Lourizán, un inmóbel situado na finca de Montero Ríos que forma parte do patrimonio histórico do pobo galego e que na actualidade depende da Deputación Provincial de Pontevedra.

A empresa ENCE pretende conseguir a cesión do citado Pazo (un inmóbel que, en efecto, atópase nun estado de abandono e precisa dunha evidente restauración) investindo na súa recuperación, para facerse coas instalacións, sen ningún tipo de control público sobre a investigación que se poida desenvolver no mesmo. Tal e como consta no citado Pacto ENCE-Xunta, a empresa ENCE xestionará en todo momento o citado centro de I+D.

Non está entre as competencias da Xunta de Galicia participar nunha operación de lavado de cara da empresa ENCE, para en última instancia cederlle un espazo público para que a multinacional a utilice para mellorar os seus beneficios económicos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 11:01
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 15/02/2017 11:01:42.219

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Pazo de Lourizán está cedido pola Deputación de Pontevedra á Xunta de Galicia co compromiso de acometer a súa restauración, este contrato de cesión remata no ano 2021.

Por todo o exposto anteriormente, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta ao Goberno da Xunta de Galicia á restauración e mantemento do Pazo de Lourizán con cartos públicos e garantindo en todo momento o seu uso exclusivamente público, cumprindo así o establecido no contrato de cesión co que se comprometeu coa Deputación de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Voceiro suplente do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 15/02/2017 10:36:12

Antón Sánchez García na data 15/02/2017 10:36:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5175
Data envio: 15/02/2017 11:34:51.531

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

O Goberno da Xunta de Galicia anunciou a finais do 2016 a licitación da infraestrutura de novo trazado coñecida como variante de Aradas, que empezará cunha rotonda no cruce das estradas de Santiago-Santa Comba y Santigo-Trazo, seguirá en dirección oeste-este, salvando o río Sarela e alcanzará o polígono do Tambre a altura da intersección das vías Marconi e Nobel.

Esta nova vía canalizará os tráficos procedentes de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo, que se dirixan cara a zona industrial do Tambre ou a rede de estradas situada ao este de Santiago e que, actualmente, teñen que circular polo núcleo urbano de Compostela.

Por tanto, a circunvalación de Aradas mellorará o acceso e desconxestionará a rede situada ao noroeste da capital, rebaixando os tempos de recorrido, mellorando a comunicación e polo tanto a eficiencia das empresas do polígono e sobre todo mellorando a seguridade viaria e os aspectos ambientais do trafico relacionado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5175
Data envio: 15/02/2017 11:34:51.531

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo elo, o Grupo Popular a través dos deputados e deputadas abaixo asinantes presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a iniciar as obras da Variante de Aradas no ano 2017 co obxectivo de que estean finalizadas no ano 2019"

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/02/2017 11:22:56

Martín Fernández Prado na data 15/02/2017 11:23:09

Paula Prado Del Río na data 15/02/2017 11:23:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5175
Data envio: 15/02/2017 11:34:51.531

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Maria Antón Vilasánchez na data 15/02/2017 11:24:00

Jaime Castiñeira Broz na data 15/02/2017 11:24:26

Marta Novoa Iglesias na data 15/02/2017 11:24:47

Gonzalo Trenor López na data 15/02/2017 11:25:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/02/2017 11:25:57

María Julia Rodriguez Barreira na data 15/02/2017 11:26:24

Antonio Mouriño Villar na data 15/02/2017 11:26:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5214
Data envio: 15/02/2017 19:52:00.010

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A variante de Vigo - Ourense por Cerdedo pertence a liña de alta velocidade do corredor norte - noroeste e foi incluída por primeira vez no Plan Estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT 2005 - 2020).

O obxectivo deste tramo de 54,6 quilómetros de lonxitude, era e segue sendo, comunicar as dúas principais cidades do sur de Galicia (Vigo e Pontevedra) con Madrid en menos de tres horas, convertendo tamén o ferrocarril nunha auténtica alternativa modal competitiva para toda a poboación do norte de Portugal.

Esta alternativa estaba chamada a favorecer e fortalecer as relacións interiores entre Vigo - Pontevedra e Ourense acurtando os tempos de desprazamento e mellorando substancialmente a mobilidade entre as tres cidades do sur de Galicia.

Polo que atinxe a tramitación administrativa deste importante proxecto de comunicación, a situación a seguinte:

• No mes de marzo de 2010 a Secretaria de Estado de Cambio Climático formula declaración de impacto ambiental.

• No mes de xuño dese mesmo ano, o Ministerio de Fomento aproba o expediente de información pública e o Estudio informativo da liña de alta velocidade Ourense - Vigo, definindo o trazado para trens de alta velocidade, deseñado en dobre vía electrificada e ancho internacional, iniciándose o mesmo no Carballiño e conectando co Eixo Atlántico de alta velocidade a 10 quilómetros de Pontevedra.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5214
Data envio: 15/02/2017 19:52:00.010

• No mes de febreiro de 2011, o Ministerio de Fomento procede a adxudicación dos contratos de servizos para a redacción dos proxectos básicos, estando toda a liña nese intre en fase de proxecto.

Para chegar a este punto do proxecto houbo que superar as herdanzas transmitidas polos Gobernos do Partido Popular, que no ano 2001 procederon a realizar un estudo informativo da conexión directa en velocidade alta entre Vigo e Ourense pola ribeira do Miño. Todo isto coa submisión e o beneplácito, tanto da Xunta de Galicia, e do Concello de Vigo, daquelas ambos os dous gobernados polo Partido Popular.

Foi coa chegada ao Goberno dos socialistas cando mudan os acontecementos e se procede a formular e concretar unha conexión directa de alta velocidade no sur de Galicia onde se prevé un tempo de desprazamento entre Ourense e Vigo de 28 minutos e entre Ourense e Pontevedra de 18 minutos.

Asemade no protocolo entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da rede ferroviaria de alta velocidade, asinado en Compostela o 21 de xullo de 2009, e vixente na actualidade, se recolle con meridiana claridade o compromiso de proceder a contratar o proxecto e obra conxuntamente para acelerar a execución desta liña mediante unha fórmula de colaboración público - privada.

Todo este gran proxecto de vertebración en alta velocidade do sur de Galicia e de mellora da mobilidade entre Vigo, Pontevedra e a Meseta ven de ser cuestionado recentemente polo actual presidente da Xunta de Galicia que non entende prioritario un AVE directo. Considerando a gravidade das manifestacións e os efectos colaterais que unha decisión de tal magnitude pode provocar no deseño da alta velocidade no noso país.

Lamentablemente a primeira lexislatura de mariano Rajoy no Goberno de España ten sido un tempo perdido. Ao chegar ao Goberno, o Ministerio de Fomento, dirixido pola Sra. Pastor, deputada por Pontevedra, realizou unha pequena modificación técnica en 2,5 quilómetros do seu trazado que facía necesario un novo informe medioambiental.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5214
Data envio: 15/02/2017 19:52:00.010

A propia ministra de Medio Ambiente, a Sra. García Tejerina sinalaba en xuño de 2016 que o expediente de avaliación ambiental de esta liña de alta velocidade atópase na fase de análise técnico previo, tendo solicitado nova información complementaria ao promotor, o propio Ministerio de Fomento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que poña en marcha todos os mecanismos administrativos e financeiros que permitan licitar o proxecto e obra da conexión en Alta Velocidade Ferroviaria Vigo - Ourense (por Cerdedo) no prazo dun ano, o que posibilitaría a súa posta en funcionamento no ano 2023.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2017 19:50:13

Raúl Fernández Fernández na data 15/02/2017 19:50:19

María Luisa Pierres López na data 15/02/2017 19:50:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/02/2017 19:50:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 5228
Data envio: 16/02/2017 11:22:46.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputada, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo** e **Antonio Mouriño Villar,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Unha das prioridades da Consellería para esta lexislatura debe ser traballar para adaptar a oferta académica ás necesidades actuais e ás demandas da sociedade. Neste sentido, cómpre traballar man con man coas tres universidades do SUG co fin de abordar a modificación e mellora do mapa de titulacións universitarias, para seguir avanzando na adaptación da oferta académica ás necesidades actuais e ás demandas da sociedade, incidindo nas liñas de especialización de cada un dos campus.

O obxectivo fundamental ten que ser determinar os casos de titulacións consideradas singulares para o Sistema universitario de Galicia (SUG), co fin de garantir que se continúen ofertando con independencia do número de alumnos matriculados, así como analizar os casos de duplicidade ou multiplicidade da oferta, racionalizando a oferta global do sistema, unha vez detectados os puntos fortes e débiles.

Trátase, polo tanto, de afondar no traballo que xa se ten feito para avanzar nesta liña de racionalización e eficiencia da oferta académica, coa publicación do Decreto 222/2011, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficias no ámbito da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a actualizar e mellorar o mapa de titulacións universitarias en colaboración coas universidades para favorecer a competitividade e a empregabilidade dos egresados universitarios na Comunidade."

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:22
Nº Rexistro: 5228
Data envio: 16/02/2017 11:22:46.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 11:14:16

César Manuel Fernández Gil na data 16/02/2017 11:14:27

Maria Antón Vilasánchez na data 16/02/2017 11:14:30

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 11:14:36

Moisés Rodríguez Pérez na data 16/02/2017 11:14:46

Carlos Gómez Salgado na data 16/02/2017 11:14:57

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2017 11:15:06

Antonio Mouriño Villar na data 16/02/2017 11:15:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 16/02/2017 11:34:17.873

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Antón Vilasanchez, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate Pleno.

Exposición de motivos:

A Constitución española garante no seu artigo 16 a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades, ao tempo que establece a aconfesionalidade do Estado español.

A afluencia de inmigrantes que sen ten producido nas últimas décadas, unida ao retorno ao noso pais de galegos procedentes de distintas xeografías, contribuiu de xeito moi significativo a enriquecer a pluralidade relixiosa en Galicia. O transcurso do tempo fixo que estas comunidades relixiosas arraigasen no noso pais, de tal xeito que cada día é maior o número de galegos nativos que profesan credos distintos do católico, maioritario no conxunto do Estado.

Algunhas destas relixións precisan de certas especifícidades para realizar enterramentos conforme ao seu credo. A ausencia de cemiterios que cumpran os requisitos propios de cada unha destas confesións, supón que moitas familias deban optar por dar sepultura aos seus seres queridos fóra da súa Comunidade Autónoma, ou incluso, alén das fronteiras do Estado. Este feito supón, que á dor propia da perda, se engadan unha serie de dificultades de carácter económico e administrativo que redundan nun maior padecemento destas familias.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 16/02/2017 11:34:17.873

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A pesares de que o 6% dos habitantes de Galicia profesen relixións minoritarias, na práctica totalidade dos concellos do país non existe masa crítica que xustifique que as administracións municipais, que ostentan a competencia de cemiterios, podan abordar ailladamente a construcción das infraestruturas funerarias necesarias para acoller a estes cidadáns tralo seu pasamento.

Nembargantes, a colaboración entre distintas administracións pode dar resposta a esta xusta demanda que xa teñen solicitado de maneira explícita comunidades como a musulmana ou a xudea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, conxuntamente coa FEGAMP, a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme aos requisitos das confesións minoritarias con maior arraigo en Galicia”.

Santiago de Compostela 15 febreiro 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 11:02:56

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 11:03:19

Paula Prado Del Río na data 16/02/2017 11:03:37

Maria Antón Vilasánchez na data 16/02/2017 11:04:00

César Manuel Fernández Gil na data 16/02/2017 11:04:18

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 11:04:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 16/02/2017 11:34:17.873

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Julia Rodriguez Barreira na data 16/02/2017 11:04:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2017 11:05:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista estendeu o 8 de marzo como unha data internacional e referencial na loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Na actualidade esta data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade, especialmente no ámbito laboral, e que teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar.

Organismos e observatorios tanto internacionais como galegos teñen alertado da enorme desigualdade que aínda sufrimos as mulleres no mundo. Deste xeito, podemos observar o que nos indica o último informe de outubro de 2016 do Foro Económico Mundial, no que se avalían indicadores a educación, as saúde, as oportunidades económicas e o empoderamento político. Nel podemos observar como malia ter marcado internacionalmente a ONU a data de caducidade para a desigualdade de xénero no 2030 no marco da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel, o avance global é dunha lentitude alarmante. Así, no informe do Foro Económico Mundial advirte que a igualdade entre homes e mulleres podería demorar 170 anos cando no informe anterior

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se estimaban 118; unha regresión á que, como recoñece o propio informe, contribúe o feito de térense freado de forma drástica os avances na materia.

O informe evidencia a desigualdade vixente cifrando a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como a pesares de traballar de media máis horas, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes e como se ten estancado a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos lexislativos, por exemplo.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais de PP e PSOE teñen contribuído tamén a profundar na desigualdade. Deste xeito, somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

Un contexto no que as condicións materiais de vida empeoraron grazas ás políticas de recortes do PP e no que a redución salvaxe do gasto social perxudica de maneira maioritaria ás mulleres deixa un país no que os datos máis recentes acrecentan a preocupación. Por exemplo, os datos recentes do IGE e da EPA indican a tendencia decrecente da taxa de actividade das mulleres, xa que ademais de ser case dez puntos inferior á dos homes (48,7% fronte ao 58,4 no 2016) podemos observar como mentres esta taxa se incrementou para os homes tivo un comportamento oposto no caso das mulleres.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, as situacións de acoso laboral exercido sobre as mulleres traballadoras debe centrar a nosa atención. Segundo os datos feitos públicos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial, Galiza é a segunda comunidade despois da de Madrid na que máis demandas por problemas de conciliación se presentan e ademais, nos últimos tempos foron coñecidos preocupantes casos de acoso laboral e machista como os de Clece ou Hedegasa que constitúen exemplos de violencia laboral e violencia machista.

Pasaron xa máis de dez anos da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a vixencia da situación de desigualdade así como as mudanzas e avances colectivos no recoñecemento e visibilización das múltiples formas de violencia contras as mulleres obrigan a avaliarmos a vixencia ou non deste marco e a necesidade de introducir modificacións e mesmo elaborar un novo marco legal que dea cabida ás necesidades e novos retos do futuro inmediato.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda:

- instar á Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a necesidade da elaboración dunha nova lei.

- estudar a modificación da Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes de cara a estudar o fomento de medidas de igualdade en empresas de máis de 300

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores e traballadoras como a incorporación de centros de infantil ou a dotación de axudas para favorecer a conciliación.

- modificar a Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes para mellorar os capítulos V de erradicación do acoso moral por razón de xénero e capítulo IV de medidas de prevención e de sanción do acoso sexual, especialmente os artigos 51 e 52 referidos ao procedemento e infraccións disciplinarias de cara a incrementar o réxime sancionador ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestión de xénero e garantir unha maior atención ás vítimas."

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2017 13:00:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2017 13:00:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/02/2017 13:00:41

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2017 13:00:46

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2017 13:00:48

Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2017 13:00:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 16:58
Nº Rexistro: 5266
Data envio: 16/02/2017 16:58:47.077

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marían García Miguez,Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Gonzalo Trenor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias,Teresa Egerique Mosquera e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

Dende a AAVV de Teis en Vigo, os veciños veñen reclamando fai máis dun ano a mellora no transporte urbano ó Hospital Álvaro Cunqueiro, xa que teñen que facer trasbordo no centro da cidade e coller outra liña para poder chegar o seu lugar de destino despois de máis dunha hora de traxecto de ida e outro tanto de volta.

Fixeron peticións ante o goberno do Concello de Vigo para ser escoitados, pero a día de hoxe as súas reclamacións non teñen resposta.

Reclamaron ante o Valedor do Cidadán e a Valedora do pobo, xa que nin sequera lles permiten ser escoitados no Pleno coma outras asociacións ou entidades que así o solicitan.

Manifestánse unha vez o mes polas rúas da cidade de Vigo, recolleron máis de 3.700 firmas e seguen sen solución ante un problema que nalgúns casos é grave, xa que as persoas maiores, discapacitados, menores ou mesmo a poboación en xeral que se atopa nunha situación delicada non ten o recurso axeitado de mobilidade en tempo e forma.

Por iso, non debe haber cidadáns de primeira ou segunda dependendo de onde vivan para que poidan disfrutar dos medios necesarios e suficientes de acceso os servizos básicos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 16:58
Nº Rexistro: 5266
Data envio: 16/02/2017 16:58:47.077

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Concello de Vigo para que acometa a mellora do servizo e das conexións de autobús desde o barrio de Teis cara ao hospital Álvaro Cunqueiro, atendendo así as necesidades dos veciños".

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 16:51:24

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2017 16:51:47

Martín Fernández Prado na data 16/02/2017 16:52:06

Jaime Castiñeira Broz na data 16/02/2017 16:52:29

Gonzalo Trenor López na data 16/02/2017 16:52:42

Antonio Mouriño Villar na data 16/02/2017 16:52:57

Marta Novoa Iglesias na data 16/02/2017 16:53:46

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 16:54:04

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/02/2017 16:54:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:09
Nº Rexistro: 5272
Data envio: 16/02/2017 18:09:44.569

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia vén de presentar un recurso contencioso en contra da constitución da Área Metropolitana de Vigo. Trátase dun feito insólito, xa que se celebrou unha cita constitutiva por mandato legal, para a que non está prevista máis suspensión que os supostos contemplados na lei.

De feito, non hai precedentes na nosa historia constitucional recente do intento dun membro dunha mesa de idade de pretender evitar a elección dun presidente nunha sesión constitutiva.

O problema para o Partido Popular en realidade non é xurídico; é político, trátase de que o presidente elixido democraticamente por maioría absoluta chámase Abel Caballero, é socialista e é alcalde de Vigo, con 17 de 27 concelleiros/as nesa corporación.

Núñez Feijoo e o Partido Popular deixaron de ser "viguistas" ao día seguinte de gañar as eleccións e, por iso, agora boicotean a Área Metropolitana de Vigo nun acto sen precedentes, levando a toda a cidadanía metropolitana aos tribunais. Un acto de extrema gravidade, porque pretende alterar a organización territorial de Galicia.

Non debería ser necesario lembrar que a Área Metropolitana de Vigo, tal e como recoñece a lei, configúrase como un ente territorial, con personalidade xurídica propia e coas potestades de autogoberno que lle son propias ás entidades locais. Por tanto, trátase dun ataque directo ao corazón da autonomía local dos entes implicados, e tamén, dun desprezo absoluto ao dereito asociativo das entidades locais constitucional e convencionalmente recoñecido pola Carta Europea de Autonomía Local.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:09
Nº Rexistro: 5272
Data envio: 16/02/2017 18:09:44.569

É unha evidencia que só non recoñece o Partido Popular que hai un mandato da soberanía popular, que obriga a que a Área Metropolitana funcione e defenda coa súa actuación os intereses públicos dos cidadáns e das cidadás da mesma.

E non conforme con pretender paralizar a Área Metropolitana nos tribunais para que esta non funcione xamais, o Partido Popular no seu afán de boicot a Vigo, pediu unha medida cautelar de suspensión universal. O que demostra con claridade que o seu único afán é a paralización da Área Metropolitana de Vigo e a elección do seu presidente, Abel Caballero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Paralizar de forma inmediata o boicot político ao que se está sometendo a *Área Metropolitana de Vigo*, que foi constituída legalmente.
2. Recoñecer a plena operatividade política e administrativa dos órganos de goberno da *Área Metropolitana de Vigo*.
3. Inscribir de forma inmediata a *Área Metropolitana de Vigo* no Rexistro de Entidades Locais de Galicia (Relga).

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:09
Nº Rexistro: 5272
Data envio: 16/02/2017 18:09:44.569

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2017 18:07:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/02/2017 18:07:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/02/2017 18:07:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/02/2017 18:07:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/02/2017 18:07:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:12
Nº Rexistro: 5275
Data envio: 16/02/2017 18:12:55.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación do contrato do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza.

O Comité de Empresa de Compostela de Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galiza, puxéronse en contacto co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para facernos chegar toda unha serie de irregularidades que teñen apreciado na licitación do Servizo de Limpeza da Xunta de Galiza.

Con data 31 de outubro de 2014 a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asina o contrato de adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA. A vixencia do contrato establécese por un período de un ano, entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de outubro de 2015. Este contrato foi obxecto de diferentes modificacións, a primeira xa se realizou no mesmo mes da adxudicación do contrato, outubro 2014, a seguintes foron: decembro 2014, febreiro 2015, setembro 2015 e maio 2016.

Estas modificacións foron acompañadas tamén de diferentes prórrogas do contrato: 1 de novembro 2015 a 30 de abril de 2016, 1 de maio 2016 a 31 de outubro 2016, 1 de novembro 2016 a 30 de novembro de 2016 e do 1 de decembro de 2016 a 30 de abril de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:12
Nº Rexistro: 5275
Data envio: 16/02/2017 18:12:55.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os representantes sindicais denuncian que son moitas as irregularidades detectadas no cumprimento do contrato, mantemento do número de traballadores/as establecido, substitucións, diferenza entre as contías cobradas e as oficiais, persoal que aparece no contrato e na relación de postos de traballo que ninguén coñece, persoal con antigüidade recoñecida que non aparece no cadro de persoal poucos meses antes, pluses de cuantías moi relevantes que non se corresponden co establecido en convenio…

Denuncia tamén o Comité de Empresa que a Administración, non só non estivo a velar polo cumprimento do contrato, senón que se lle ten denegado sistematicamente a documentación do concurso, a pesares de tela solicitado en varias ocasións.

Lonxe de clarificar a situación, a Xunta de Galiza facía público o 3 de xaneiro o novo concurso para a adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza, nun claro exercicio de irresponsabilidade, constatada no feito de que a escasos días de rematar o prazo para presentar as ofertas sigue sen haber información clara de cal é o número de traballadores/as, dereitos recoñecidos, persoal que ten que ser subrogado… Información toda ela relevante para as empresas que teñan interese en presentar ofertas.

Diante desta situación o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Que proceda á paralización da actual licitación do contrato para o Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza, en tanto non se clarifique a situación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:12
Nº Rexistro: 5275
Data envio: 16/02/2017 18:12:55.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que inicie o proceso para prestar directamente o Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2017 18:06:16

Dende o inicio da crise económica, Galicia pasou de ser un país de inmigración a un país que novamente expulsa emigrantes. Deste xeito, dende 2008, perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Este número de saídas poboacionais non só esconde un sen número de dramas familiares, tamén afonda na crise demográfica que padece o noso país. Dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

Falamos de xente que ten que marchar porque non ten oportunidades laborais dignas no noso país, xente moza obrigada a emigrar ante a realidade do paro e da precariedade laboral. Os últimos datos oficiais alertan de que dende o inicio da crise, marcharon de Galicia 103.092 mozos e mozas de entre 16 e 34 anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:57
Nº Rexistro: 5029
Data envio: 13/02/2017 16:57:42.556

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Entre eles, contamos cun número moi elevado de investigadores e investigadoras que ante a situación de recortes permanentes en I+D+i en Galicia se viron forzados a nutrir o persoal de universidades estranxeiras.

É preciso mudar esta tendencia, e facer todos os esforzos posibles para recuperar á xente que temos fóra. Non podemos permitir seguir hipotecando o futuro do noso país mandando á emigración á xeración máis nova.

Ante esta situación formulase a seguinte INTERPELACIÓN:

- Que valoración fai o goberno das cifras sinaladas?

- Ten previsto o goberno algunha medida para atender á nosa mocidade residente no exterior?

- Con que dotación orzamentaria contan as medidas de retorno da poboación emigrada de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:57
Nº Rexistro: 5029
Data envio: 13/02/2017 16:57:42.556

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2017 16:49:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5106
Data envio: 13/02/2017 18:47:02.447

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a **seguinte Interpelación, relativa aos acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo.**

Diferentes colectivos como o Movemento Galego de Saúde Mental, levan xa varios anos denunciando o deterioro progresivo da atención á saúde mental en Galicia, que ten como causas máis destacadas os recortes sanitarios e as formas de xestión sen planificación e sen participación das profesionais sanitarias da Sanidade Pública que prestan servizo nas unidades asistenciais.

Os acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo, evidencian a repercusión dos recortes denunciados. O suicidio dunha paciente e a denuncia de agresión sexual por parte doutra paciente, ingresadas as dúas na mesma Unidade, debe entenderse no marco do deterioro na calidade do servizos debido aos recortes.

Na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Conxo, foron varias as denuncias públicas dende diferentes instancias pola escasa dotación desa Unidade, cunha frecuente retirada do persoal de Enfermería da mesma para cubrir necesidades doutros servizos do Hospital, a escasa actividade dos pacientes ingresados, a carencia de Terapeuta Ocupacional ou a falta de coordinación e elaboración de plans terapéuticos coa participación e coordinación das profesionais sanitarias.

Sen embargo, a pesares de todas as denuncias en materia de recortes e escasa dotación de medios, por parte da Administración e a dirección encargada da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5106
Data envio: 13/02/2017 18:47:02.447

xestión, nada se fixo para corrixir as eivas que colectivos e profesionais denuncian.

Ante esta situación En Marea interpela para coñecer:

- **Cales son as medidas inmediatas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a repetición de acontecementos de igual ou similar índole?**
- **Ten a Xunta de Galicia elaborado informe sobre a situación de medios e recursos nas Unidades de Psiquiatría?**
- **Van a ser escoitadas e tidas en conta pola Xunta as demandas e advertencias dos colectivos e profesionais en relación a esta materia?**
- **Pensan dotar de persoal suficiente, así como de profesionais de enfermería especializadas esas Unidades?**

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/02/2017 18:46:02

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5107
Data envio: 13/02/2017 19:05:29.978

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia núm. 28 do 9 de febreiro actual vense de publicar a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. A exposición de motivos desta lei xustifica a súa aprobación en que os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

Sinala a continuación esta exposición de motivos que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción.

Finalmente, esta exposición indica que, para unha maior eficacia e eficiencia, a lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Así, podemos observar, como de forma profusa se recolleu no debate parlamentario de aprobación desta lei xunto coa de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2017, a variedade de materias afectadas por esta disposición legal. Desde medidas en materia tributaria, de réxime financeiro e xestión económica, que efectivamente resultan precisas para completar as disposicións previstas na lei orzamentaria para este exercicio 2017, ata un total de vinte e unha leis sectoriais que resultan modificadas, como sinala a propia Lei de medidas, con vocación de permanencia. Desde a normativa en materia de emprego público ata a regulación do propio Consello Consultivo, pasando polas leis reguladoras de emprendemento, deporte, saúde, vivenda, protección de consumidores, metroloxía, xogo, minaría, comercio interior, montes e estruturas agrarias, I+D, portos, pesca, servizos sociais, urbanismo e solo ou transporte. Certamente poucos máis ámbitos competencias autonómicos quedaron sen modificar por esta Lei 2/2017.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5107
Data envio: 13/02/2017 19:05:29.978

Todos os Grupos parlamentarios da oposición criticamos duramente esta técnica lexislativa que vén empregando o Goberno do Sr. Feijoo cada exercicio con máis intensidade, poderíamos afirmar, que cada día con menos pudor. E esta crítica estriba na vulneración do principio democrático. A utilización desta forma de lexislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, menoscaba o necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evitando ao propio tempo a necesaria participación cidadá na tramitación da norma, e sometendo ao ordenamento xurídico de Galicia a unha innecesaria tensión e inseguridade. Todos os operadores xurídicos ven así constrinxida a súa seguridade xurídica e a esixible certeza que precisa o noso acervo normativo autonómico. Esta forma de lexislar ten un certo efecto descodificador do ordenamento xurídico. Mesmo algunha intervención no debate parlamentario da lei 2/2017 por parte de algún voceiro do Partido Popular recoñecía que esta técnica era certamente mellorable.

E aínda que o Tribunal Constitucional non considera esta clase de "lexislación de conxuntura" contraria á Constitución desde o punto de vista xurídico-constitucional (recente STC 2011/136), si observa que o recurso a este tipo de disposicións lexislativas, dotadas de gran heteroxeneidade, tramitadas polo procedemento de urxencia, pode afectar en certa medida ao exercicio efectivo do dereito á participación política dos poderes estatuídos. Nesta recente sentenza, o TC sinala que "*non cabe dúbida de que sería unha técnica máis perfecta a de circunscribir o debate político dun proxecto de lei a unha materia específica, o que alentaría unha maior especialización do mesmo e, posiblemente, unha mellor pureza técnica do resultado*".

Estamos así ante unha clara desnaturalización da función lexislativa, da concepción constitucional e estatutaria da lei. Como se afirma nun dos votos particulares á dita sentenza constitucional "... *a lei non é solo decisión da maioría, senón que, a través do procedemento lexislativo, permite a efectiva participación das minorías, debatendo o proxecto da maioría e formulando as súas propostas a través das emendas, todo isto de acordo coas esixencias indeclinables do principio de pluralismo político (art. 1.1 CE*)".

Pero non estamos aquí agora ante un xuízo de legalidade nin de constitucionalidade destas chamadas leis de acompañamento, estamos ante unha esixencia de mellora substancial da calidade democrática. Poñamos en Galicia límites a esta forma de lexislar, acoutemos os supostos e as materias propias destas leis, que non poden ser outras que aquelas que nacen vencelladas ás disposicións anuais orzamentarias, polo tanto, non con vocación de permanencia senón con eficacia unicamente vencellada ás contas anuais.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5107
Data envio: 13/02/2017 19:05:29.978

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Lembremos, unha vez máis, que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, reivindica unha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Non considera necesario o Goberno galego regular, en garantía do principio democrático e da mellor calidade normativa, o ámbito material das leis chamadas de "medidas" ou de "acompañamento"?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2017 18:58:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2017 18:58:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2017 18:59:08

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:18
Nº Rexistro: 5112
Data envio: 14/02/2017 10:18:29.220

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nestes días coñecíamos a aprobación polo Consello de Ministros dun Acordo de remisión ás Cortes Xerais do Acordo de París sobre o cambio climático (de 12 de decembro de 2015) e de solicitude da súa tramitación parlamentaria polo procedemento de urxencia.

O texto do acordo contén varios obxectivos, entre eles acadar que o incremento da temperatura media global do planeta quede moi por baixo dos 2ºC respecto aos niveis preindustriais e reducir os riscos e os impactos do propio cambio climático; inclúe tamén os elementos necesarios para acadar este obxectivo, como adoptar medidas de mitigación internas.

Neste contexto, hai anos que moitos organismos internacionais veñen pedindo a España que reforme o seu sistema impositivo, coa fin de gravar máis as actividades contaminantes, posto que o Estado español é o terceiro país coa porcentaxe máis baixa de recadación na UE -tras Lituania e Eslovaquia-. De feito, os ingresos por impostos medioambientais supuxeron en España só o 1,85 % do PIB fronte a unha media do 2,46 % na UE. A propia Comisión Europea recomenda a revisión dos impostos medioambientais, nos ámbitos do transporte, enerxía, contaminación e uso dos recursos.

Descoñecemos como están as cifras en Galicia e se a formulación do Goberno para a Estratexia galega contra o cambio climático vai nesa liña.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:18
Nº Rexistro: 5112
Data envio: 14/02/2017 10:18:29.220

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento o Goberno galego das cifras da porcentaxe de recadación na nosa Comunidade Autónoma por impostos medioambientais?

2. Ten intención o Goberno galego de revisar os impostos medioambientais nos ámbitos do transporte, enerxía, contaminación e uso dos recursos, seguindo as recomendacións da Comisión Europea?

3. A formulación do Goberno para a Estratexia galega contra o cambio climático vai na liña das recomendacións da UE?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 10:14:58

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 10:15:05

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 10:15:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:20
Nº Rexistro: 5118
Data envio: 14/02/2017 10:20:29.752

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia, temos un Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas (formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes) e seis parques nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

O Parque Nacional fora declarado así en virtude da Lei 15/2002, do 1 de xullo, que xa facía referencia á obriga de elaborar un plan reitor do parque. Teñen pasado case 15 anos e este plan, principal instrumento de xestión, aínda está en proceso de elaboración. En xullo de 2011, o conselleiro de Medio Rural daquel tempo dicía que só faltaba o trámite de información pública, pasar polo MAGRAMA, polo Consello Galego de Medio Ambiente, polo informe do Patronato do Parque Nacional e xa estaría listo e se aprobaría antes do remate daquel ano 2011. Teñen pasado máis de 5 anos e o medio mariño (cun valor ecolóxico e unha riqueza biolóxica incalculables), ademais da riqueza do seu medio terrestre, agardan esa eficacia e eficiencia da que sempre nos fala o Goberno galego.

Por outra banda, hai máis ou menos un ano, a Consellería de Medio Ambiente creaba, dentro da dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos de parques naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia.

Nunha das súas comparecencias, a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apostaba pola conservación dos parques compatible co seu disfrutar, na idea de potenciar que sexan un destino turístico. O Grupo Parlamentario Socialista entende que, máis alá de convertelos en grandes destinos turísticos, o esencial sería o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus habitantes (onde os haxa), ademais de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:20
Nº Rexistro: 5118
Data envio: 14/02/2017 10:20:29.752

entender máis axeitado encadralos como epicentro dun plan de Educación ambiental escolar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto o Goberno galego rematar o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia?
2. Vai ser incluído na súa memoria económico - financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de "Financiamento da Rede Natura 2000"?
3. Ten previsto o Goberno galego establecer compensacións para os propietarios pola perda de dereitos consecuencia da xestión da Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 10:10:59

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 10:11:11

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 10:11:17

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:27
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 14/02/2017 17:27:01.966

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e **Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no Capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

O cambio estrutural non se producirá se a nosa sociedade non é capaz de asumir e propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo nos ámbitos públicos, económicos e, especialmente, nos postos que implican a toma de decisións socialmente importantes, pois un dos principais obstáculos para o afianzamento do principio de igualdade, na sociedade galega actual é a desigualdade no acceso aos postos de responsabilidade e toma de decisións no ámbito do traballo e a inserción, permanencia e promoción no emprego das mulleres.

Este cambio na estrutura social non é só un cambio económico, senón que vén acompañado dun novo contrato social baseado en compartir as responsabilidades e funcións. As mulleres convertéronse, precisamente, nun dos motores deste cambio transgredindo positivamente os roles tradicionais e incorporándose a todos os ámbitos públicos. E esta é, en definitiva, a maior achega que están a facer tanto a favor do mercado de traballo como da sociedade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:27
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 14/02/2017 17:27:01.966

Pero esta achega para o cambio require do apoio das institucións, xa que o enorme esforzo realizado para situar aos distintos colectivos de mulleres nunha situación igualitaria ante o emprego está condicionado pola existencia de múltiples barreiras sociais e culturais que aínda dificultan a mellora da ocupabilidade e a plena incorporación ao ámbito laboral. Estes obstáculos, baseados en estereotipos profundamente enraizados actúan a través dos roles sociais nas persoas que ofrecen emprego como freos para a contratación, e se traducen na cronificación de situacións de desigualdade e na perpetuación de condicións discriminatorias.

O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado. A súa responsabilidade como parte fundamental da economía e da sociedade da nosa comunidade debe atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción do principio de igualdade como parte vertebradora das políticas empresariais deste país.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación. Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:27
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 14/02/2017 17:27:01.966

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como ten previsto a Xunta de Galicia reducir a fenda salarial existente en Galicia entre homes e mulleres?
2. Que medidas de apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou de outras medidas de promoción da igualdade ten previsto aplicar o Goberno galego durante esta lexislatura?
3. Que valoración fai o Goberno galego da implantación na nosa comunidade da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia?
4. Ten detectado a Xunta de Galicia o intento de rexistro na nosa comunidade de convenios que conteñan elementos discriminatorios para as mulleres?
5. En caso afirmativo, cal é o número total de impugnacións de oficio dos convenios colectivos que contiveran cláusulas discriminatorias ou atenten contra o principio de igualdade de oportunidades, se teñen rexistrado na nosa comunidade autónoma nos derradeiros oito anos?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:27
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 14/02/2017 17:27:01.966

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 14/02/2017 17:02:45

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 17:02:51

Julio Torrado Quintela na data 14/02/2017 17:02:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:28
Nº Rexistro: 5143
Data envio: 14/02/2017 17:28:02.388

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nestes días comparecía o presidente de Sogama, S.A. para dar conta do proxecto de ampliación das instalacións da empresa en Cerceda a partires do mes de xuño. En concreto, comparecía para falar da remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible onde se procesa a "bolsa negra" (residuos xenéricos) e para falar da construción dunha nova planta para a recuperación dos envases de papel, cartón e plásticos. O propio presidente dicía que, tras esta ampliación, a central de Sogama, S.A. será "unha das máis grandes de Europa e do mundo".

Polo visto, o obxectivo fundamental da ampliación non é outro que reducir o total de materia destinada a vertedoiro -baixando así do 25 % actual ao 10 %- e incrementar a porcentaxe de residuos reciclados, que a día de hoxe só supón o 5 %.

Por outro lado, na Memoria dos orzamentos da sociedade pública recóllese, entre as conclusións da diagnose:

1. Insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos.
2. Elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica.
3. Elevada dispersión territorial que non fai aconsellable un modelo único de xestión, debendo incorporarse novas loxísticas para o medio rural onde algunhas recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia.
4. Necesidade de ampliar a xestión *in situ*, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento afastadas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:28
Nº Rexistro: 5143
Data envio: 14/02/2017 17:28:02.388

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asina interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Para que vai servir unha nova planta para a recuperación dos envases de papel, cartón e plásticos se en Galicia as recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia, sobre todo no rural?

2. Por que di o presidente de Sogama, S.A. que a central da empresa en Cerceda vai ser "unha das máis grandes de Europa e do mundo"?

3. Non é contraditoria a anterior afirmación co feito de que a Memoria de orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio afirme que "a elevada dispersión territorial non fai aconsellable un modelo único de xestión e que é necesaria a ampliación da xestión *in situ*, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento afastadas?

4. Considera o Goberno galego que hai insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos?

5. Considera o Goberno galego que existe unha elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva das bolsas amarela e orgánica?

6. En que vai consistir a remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible onde se procesa a bolsa negra?

7. Para cando se van cumprir os obxectivos de reducir o total de materia destinada a vertedoiro ao 10 % e incrementar a porcentaxe de residuos reciclados?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 17:28
Nº Rexistro: 5143
Data envio: 14/02/2017 17:28:02.388

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 17:20:08

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 17:20:13

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 17:20:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 5157
Data envio: 14/02/2017 18:17:32.591

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia, temos un Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas (formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes) e seis Parques Nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

O Parque Nacional fora declarado así en virtude da Lei 15/2002, do 1 de xullo, que xa facía referencia á obriga de elaborar un plan reitor do parque. Teñen pasado case 15 anos e este plan, principal instrumento de xestión, aínda está en proceso de elaboración. En xullo de 2011, o conselleiro de Medio Rural daquel tempo dicía que só faltaba o trámite de información pública, pasar polo MAGRAMA, polo Consello Galego de Medio Ambiente, polo informe do Patronato do Parque Nacional e xa estaría listo e se aprobaría antes do remate daquel ano 2011. Teñen pasado máis de 5 anos e o medio mariño (cun valor ecolóxico e unha riqueza biolóxica incalculables), ademais da riqueza do seu medio terrestre, agardan esa eficacia e eficiencia da que sempre nos fala o Goberno galego.

Por outra banda, hai máis ou menos un ano, a Consellería de Medio Ambiente creaba, dentro da dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos de parques naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia.

Nunha das súas comparecencias, a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apostaba pola conservación dos parques compatible co seu disfrute, na idea de potenciar que sexan un destino turístico. O Grupo Parlamentario Socialista entende que, máis alá de convertelos en grandes destinos turísticos, o esencial sería o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 18:17
Nº Rexistro: 5157
Data envio: 14/02/2017 18:17:32.591

lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes (onde os haxa), ademais de entender máis axeitado encadralos como epicentro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia, e en todo caso, sempre dende un punto de vista da sostinibilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que significa o anuncio da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de facer compatible a conservación dos Parques Nacional e Naturais de Galicia compatible co turismo sostible?
2. Que significa o desexo de que sexan grandes destinos turísticos?
3. Entende o Goberno galego que o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes é máis importante que apostar por que sexan grandes destinos turísticos?
4. Entende o Goberno que sería máis axeitado encadralos como epicentro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 18:16:21

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 18:16:26

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 18:16:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5210
Data envio: 15/02/2017 19:19:42.322

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 2 de xaneiro deste ano, o Diario Oficial de Galicia publicaba unha resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se facía pública a formalización dos contratos administrativos do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para Galicia 2014-2020. O valor estimado do contrato era de 304.940 euros e o importe total do orzamento 368.977,40 euros. A entidade adxudicataria foi EULEN, SA.

O anterior significa nada máis que, por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, se desbota a posibilidade de asumir a xestión directa da limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais de Galicia, deixando que sexan entidades privadas a que se encarguen. Pois ben, este grupo parlamentario entende que é necesaria a potenciación de mellores modelos de xestión, poñendo sempre en primeiro lugar a xestión directa, mellorando o financiamento do servizo e castigando ás empresas que compitan a prezos temerarios. Porque a cuestión está, preferindo sempre a xestión directa, en que descoñecemos cal é o nivel de rigor no control por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e iso é, precisamente, o que nos preocupa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantas empresas concorreron aos contratos administrativos para o servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5210
Data envio: 15/02/2017 19:19:42.322

seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para Galicia 2014-2020?

2. A resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio facendo adxudicataria a EULEN, SA implica desbotar absolutamente a asunción da xestión directa para a limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais de Galicia?

3. Que órgano da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio se está a encargar de controlar que se está a facer, e se está a facer ben o servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados da nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2017 19:13:11

Raúl Fernández Fernández na data 15/02/2017 19:13:16

María Luisa Pierres López na data 15/02/2017 19:13:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:36
Nº Rexistro: 5219
Data envio: 16/02/2017 10:36:38.873

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do establecido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre igualdade salarial de xénero, servizos de escolas infantís en edificios públicos e parques empresariais, Hospitalización a Domicilio, recursos residenciais e centros de día para a Terceira Idade e contidos non sexistas na RTVG.

A violencia económica exercida contra as mulleres polo poder económico e político preséntase en forma de discriminación salarial, pensións máis baixas, contratos máis precarios, traballo doméstico e de coidado de menores, maiores e dependentes gratuíto, entre outros aspectos.

Poderíamos considerar como violencia institucional a que exercen as institucións sobre as mulleres cando non actúan para amparar os seus dereitos.

Unha das moitas violencias contra as mulleres é a exercida a través dos salarios e as condicións laborais: que unha muller cobre menos que un home polo mesmo traballo, ou que sistematicamente teñan traballos máis precarios e peor valorados e remunerados, está a indicar a ese home e a todos os homes que as mulleres son inferiores nas súas capacidades e que aportan menos á sociedade co seu traballo. É dicir, estase desvalorizando socialmente ás mulleres.

Polo tanto, se a violencia de xénero ten a súa orixe no dominio dun sexo sobre o outro ao que considera inferior, que os gobernos sigan a permitir tales ilegalidades e discriminacións da muller non fai máis que afondar na orixe do conflito.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:36
Nº Rexistro: 5219
Data envio: 16/02/2017 10:36:38.873

Unha traballadora galega gaña, de media, un 20% menos que un home polo mesmo traballo e xornada. As mulleres menores de 30 anos soportan taxas de temporalidade superiores ao 60%, independentemente do seu nivel formativo.

A falta de oportunidade laboral que padecen as mulleres é evidente na análise sectorial do mundo do traballo: 9 de cada 10 traballadoras galegas pertencen ao sector servizos.

Segundo datos de CCOO, a contratación a tempo parcial afecta a 108.300 mulleres fronte a 33.200 homes en Galiza. O 63 % delas aceptaron ese tipo de contrato por non encontrar traballo a tempo completo. Ademais, un 13% das mulleres aceptaron un traballo a tempo parcial para atender o coidado de menores ou persoas adultas enfermas ou dependentes, fronte a só un 2% dos homes.

A taxa de temporalidade é dun 27,5% nas mulleres, fronte a un 23,6 % nos homes.

Segundo un estudio da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos excepto nos máis baixos, de xeito que hoxe o 20% do total de asalariadas galegas ingresa menos da metade do SMI -é dicir, ingresos inferiores a 4.953 euros ao ano- e outro 16% tivo ingresos entre a metade e o SMI -isto é, entre 4.953 e 9.906 euros ao ano.

Un 42% das mulleres desempregadas que están buscando un posto de traballo levan máis de dous anos intentándoo.

Só o 2,4% das mulleres traballadoras galegas ocupa postos de dirección fronte ao 4,9% dos homes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:36
Nº Rexistro: 5219
Data envio: 16/02/2017 10:36:38.873

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O 28 decembro 2016, a iniciativa do G.P. de En Marea, foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza unha Moción que instaba á Xunta a abrir una mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Vai a Xunta presentar un informe na próxima sesión do Pleno do Parlamento en relación coa mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, con mediación do CGRL, aprobada na sesión do 28 de decembro de 2016?
2. Vai a Xunta elaborar en colaboración con patronal e sindicatos un Plan de Escolas Infantís vinculadas ao mundo do traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar da clase traballadora?
3. Vai a Xunta elaborar en colaboración cos sindicatos máis representativos no ámbito da Xunta un Plan de Escolas Infantís vinculadas aos seus centros de traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar das e dos traballadores públicos e de todo o persoal de empresas externas que desenvolvan a súa xornada laboral en centros da Xunta de Galicia?
4. Vai a Xunta aumentar a rede de atención á dependencia de xeito que todas as comarcas do país teñan prazas suficientes tanto en centros residenciais como en centros de día con horarios compatibles coa xornada laboral, e unidades de HADO para dar resposta ás necesidades da súa poboación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:36
Nº Rexistro: 5219
Data envio: 16/02/2017 10:36:38.873

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

5. Vai a Xunta obrigar e vixiar o cumprimento duns parámetros mínimos de calidade nos contidos da RTVG, que difundan valores de convivencia, protexan a infancia, non fomenten ningún tipo de discriminación, non reproduzan estereotipos de xénero e respecten os dereitos laborais dos e das súas profesionais?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/02/2017 10:36:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5244
Data envio: 16/02/2017 13:22:27.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

